

XXV

1981-2006

Aniversario

C.E.I.P. Sofía Casanova



Todas contamos

Todos e todas cuentan



C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

XXV ANIVERSARIO. 1983-2006

SUMARIO

- 1.- Introducción
- 1.1. Así comezaba ...
- 1.2. 25 anos do Sofía casanova
- 1.3. Historia Sofía Casanova
- 1.4. O nome do noso colexio
- 2.- Entrevista ao conserxe
- 3.- Entrevistas ex-alumnos/as
- 4.- Lembranzas ex-alumnos/as
- 5.- Entrevista antigo director: Lema
- 6.- Fotos profesorado, A.P.A. e conserxe actuais, hai vintecinco anos
- 7.- Aos que nos deixaron ...
- 8.- Antroido
- 9.- A.P.A.
- 10.- Traballos das revistas destes vinte e cinco anos
- 11.- Entrevista ao director actual
- 12.- Proxectos do centro
- 13.- Fotos fillos-as de ex-alumnos/as

Consello de Redacción

Gloria Mosquera Roel

Beatriz Gómez Lemos

Susy Suárez Fariña

Teresa Lema Veres

Herminia Lema Veres

AGRADECEMENTOS

Queremos agradecer a cantos nos axudaron a levar adiante esta revista:

- A Carlos Pereira, historiador do Concello de Culleredo*
- A Oubel, o conserxe, por retratar tan ben a historia do Sofía Casanova*
- A Antonio Lema e a Juan Platas por recordar o pasado e o presente do colexio*
- A Joaquín, M^a Carmen e Susana, pola súa colaboración ao facer un percorrido pola historia da A.P.A.*
- A Pilar Mera, ex-alumna e actual xornalista do diario "A Opinión" que se prestou a entrevistar a Oubel*
- A Isabel Blanco, ex-alumna e actriz que deixou as súas ocupacións para acompañarnos na inauguración da "Exposición dos 25 anos"*
- A Fran Moris, ex-alumno por facer a portada da revista*
- A Lucía, Gonzalo e Alexis, ex-alumnos, que presentaron o acto de inauguración desta celebración*
- A todos/as os/as demais ex-alumnos/as aos que se lles pediu a súa colaboración e nola brindaron*

E por último a todas as persoas que estiveron connosco ese día



Así comezaba a 1ª revista

que fixeron os alumnos da Segunda Etapa de E.X.B. con motivo do 17 de Maio de 1982:

Queridos amigos:" Punto e Coma "é un libro feito por nós , os rapaces,de 6º,7º e 8º do C.N. de Vilaboa .Nel expóñense os nosos poemas , contos e adiviñas. Todos son inventados por nós.

Por falta de espacio non se poideron publicar todos os traballos, pero neste libro van expostos os que mais nos gustaron a todos.

As ilustracións e a portada, tamén foron feitas por nós ,escollendo as que máis nos gustaron.

Todos nós esperamos que vos guste este libro que con todo o cariño fixemos.

Alumnos da Segunda Etapa de E.X.B.-1982





1928



1919

Sofía Casanova Unha persoa de mentalidade aberta...

1861-1958

Nace o 30 de setembro de 1861 na Coruña, no número 141 da rúa Espoz y Mina, hoxe chamada rúa de San Andrés.

A súa infancia transcorre entre A Coruña e Almeiras (Culleredo) , onde residían os seus avós maternos . A vinculación con Almeiras e o Burgo aparece reflectida en moitas das súas obras, sobre todo en " Recuerdos de infancia y juventud".

Marcha a Madrid no ano 1874 onde empezou a ser coñecida nos ambientes máis refinados polo seu talento literario.

Escribe e publica poemas e é sorprendente a cantidade de colaboracións súas en xornais e revistas de Cuba.

Casa en Madrid o 19 de marzo de 1887 cun aristócrata e intelectual polaco. Durante nove anos reside en distintos países europeos . No 1896 regresa a Mera , recupera as vellas amizades e frecuenta os círculos dos integrantes da " Cova Céltica" cos que colabora.

Sofía Casanova foi unha persoa cunha mentalidade aberta no que concirne á participación da muller na vida social e política, algo pouco frecuente naquela época.

Prestou unha especial atención á situación e educación dos nenos e nenas de familias humildes. Durante estes anos realizou unha actividade literaria e social enorme: conferencias, tertulias, publicacións....

No 1914 sorpréndea a guerra en Polonia; alí colabora coa Cruz Vermella obtendo así moita información sobre a guerra que transmitiría a España como cronista do xornal ABC , labor que continuaría ata 1944.

Sofía Casanova foi membro correspondente da Real Academia Galega, sendo elevada o 16 de decembro de 1952 ao máis alto grao da Academia como Académico de Honor.

Morre no ano 1958 en Poznan (Polonia).



1981-1982



O NOME DO NOSO COLEXIO



As orixes do noso colexio están na **Agrupación Escolar Mixta de Vilaboa**, que tiña as súas aulas na Avenida de Vilaboa onde hoxe hai unha oficina de Caixa Galicia.

O 17 de abril de 1981 o alumnado e o profesorado viñeron para o edificio novo. O colexio pasou a chamarse **Colexio Comarcal Público de Vilaboa**.

Pero era necesario poñerlle un nome., “ bautizalo”. Nunha reunión do claustro do profesorado, o 16 de xaneiro de 1984 , acordouse aceptar a proposta da Inspección de Educación para que se chamase **Sofía Casanova**.

Esta proposta foi aprobada polo Consello de Dirección do colexio na súa reunión do 2 de abril de 1984.

SUSO OUBEL

Conserxe do Sofía Casanova

Leva 25 anos encargándose de que todo estea a punto: as fotocopias, as persianas, o

timbre... Pero está de retirada: en decembro xubilase Oubel, o conserxe, amigo de profesores

e alumnos. Marcha contento, pero apenado: só leva con el bos recordos



“Se vovera nacer, sería conserxe do Sofía Casanova”

- “Este colexio é como unha familia”
- “Nos 25 anos que levo aquí, os nenos cambiaron moito, pero os que máis cambiaron foron os pais”

-- Como sería un día no Sofía Casanova sen conserxe?

-- Imposible, habería que pechar o chiringuito. Hai que atender o teléfono, abrir e pechar as portas, facer as fotocopias, poñer a música para o recreo e a saída, arranxar o que rompeu...

-- Cambiou moito o colexio nestes 25 anos?

-- Si. Cando eu cheguei, coa miña familia, o recinto escolar estaba bastante ben, pero todo darredor era un silveiral. De feito, ao primeiro aos meus fillos non lles fixo moita gracia o traslado. Pero ao pouco viñeron cortar a maleza, e mesmo tiveron unhas ovellas onde agora está o parque para que non vovera medrar. E despois xa isto se encheu de edificios e xente, e sen problema. No colexio houbo miotas melloras: o pabillón, o patio cuberto, a conserxería... e, por certo, o telefonillo para abrir o portal, iso si que é un adianto.

-- E os nenos, como cambiaron? Din por aí que son máis rabudos e espabilados.

-- Cambiaron moitísimo, tanto que non sei explicar como. Antes, se algún chaval facía algo mal ou rompía algo ao xogar, asústabase e pedía perdón. Agora hai rapaces de catro ou cinco anos que che dan cada contestación.... Pero a min paréceme que os que máis cambiaron foron os pais, que non permiten que se eduquen os nenos na escola. Se hoxe lle reñimos a un neno por facer algo malo, mañá temos aquí ao pai reñíndonos a nós. E tampouco hai

dúbida de que son máis espabilados que antes, se cadra porque agora xa van desde meniños á gardería; antes chegaban aquí e choraban os pobriños, e hoxe os nenos de tres anos veñen encantados.

-- Tamén son distintos os recreos? A que xogan agora e a que xogaban hai 25 anos?

-- Ao primeiro, hai anos, xogaban moito á peonza, e tamén ao aro, á corda e, claro, ao fútbol, porque xa desde o principio houbo porterías no patio, de pouca categoría, pero habíaas. Agora tamén xogan ao baloncesto, pero en xeral nese sentido é todo moi parecido. A novidade foron os móbiles, sobre todo hai un par de anos, que andaban todos con el nas clases. Houbo que chamarlles a atención e agora xa está controlado e non os traen.

-- Cal foi o peor neno, o máis fedello, que pasou polo Sofía Casanova?

-- Non che sabería dicir, creo que ningún en especial. Ademais, os nenos non teñen maldade, só queren xogar. O que si recordo é unha anécdota curiosa: Por aí no ano 86 ou 87, cando os exames de oitavo, botei tres días repoñendo os fusibles das aulas, desaparecían dun día para o outro sen explicación ningunha. Pois hai cousa de cinco anos, nas festas de Vilaboa, veu onda min un antigo alumno e preguntoume: ‘Que, Oubel, como vas de fusibles no colexio?’. Ao principio non caía, pero de

camiño recordei aquela trasnada, e así souben que fora el, que se dedicaba a quitálos todos os días.

-- Quen escolle a música que fai de timbre?

-- Agora, a profesora de música. Antes poñía eu o que tiña por aquí, pero xa ten vido algún rapaz a pedirme que cambiara dunha vez Xil Ríos, que se ía rañar de tanto poñelo... E antes diso, cando non había megafonía, poñíame nas escaleiras, onde me oíran todos, e tocaba un chifro.

-- Leva algún mal recordo de todo este tempo aquí?

-- Ningún, ningún. Se cadra parece moito dicir, pero xuro que en todo este tempo nunca tiveron unha mala cotestación, unha discusión ou un problema con ninguén, nin cos profesores nin cos alumnos. Aquí levámonos todos estudapendamente, é como unha familia... ou aínda máis, porque nas familias sempre hai algún problema, e aquí non. Eu marcho encantado do que vivín, e apenado polo que deixo. De feito, se volver nacer, volvería ser conserxe, sen dúbida, polo menos, aquí, no Sofía Casanova.

-- Que consello lle daría ao que veña no seu sitio?

-- Que sea honrado, honesto e discreto. Porque neste traballo ves e oes moitas cousas que non hai por que desvelar.

-- Daquela non nos vai revelar algún amorío secreto entre profes?

-- Non, non... [ri] Diso non sei nada.



O piñeiro de Oubel

“Se hai algo que vou botar en falta cando marche, é este piñeiro”, lamenta Oubel.

Baixo as súas pólas fixo, e segue facendo, centos de ceas, cafés ou churrascadas familiares. “Deunos alegría, sobre todo ao primeiro, cando chegamos”. Tanto, que cando o tirono o furacán ‘Hortensia’ no 84, el mesmo se encargou, coa axuda dos fillos (e do R5), de levantalo e estibalo



Entrevistas

Elaboramos unha entrevista para que ex alumnas e alumnos nos manden algunhas das súas lembranzas dos anos que estiveron no noso colexio. Está claro que non é posible facelo con todos, así que tomamos contacto con aqueles aos que, por diversas circunstancias e casualidades, nos foi posible achegarnos e que atenderon a nosa chamada. Aí vai o que pretende ser un repaso por estes últimos 25 anos.

Os últimos 25 anos da escola

Seguras de que queredes relembra-lo connosco a experiencia do voso paso polo Centro, gustaríanos que contestádeses ás seguintes preguntas:

- 1.¿Como recordas aqueles anos de escola?
- 2.¿A que xogabades no recreo?
- 3.Das normas do cole, a que máis che custaba cumprir era ...
- 4.¿Que fixeches ao acabar a escolaridade no noso Centro?
- 5.Actualmente, estás ... (ocupacións, entretemos, ...)
- 6.¿Mantés algunha relación de amizade de aqueles tempos?
¿Con quen?
- 7.Un recordo especial do teu paso polo colexio.

Layla

1. Foron os anos 1982 até o 1984, os meus 2 últimos anos de EXB que recordo con moito cariño polas relacións persoais que fomentei, con profesores, alumnos; e tamén recordo que foron anos activos para min na comunidade escolar, xa que formei parte do consello escolar. Foi especial tamén o acto de subir as bandeiras do novo cole por primeira vez.

2. Eran xa os últimos anos; con 12, 13 anos, dedicaba os recreos a falar cos meus amigos, pasear polas instalacións, pero non eran xogos como os facían os máis pequenos.

3. Creo que sempre intentei cumprir as normas e polo tanto todas as respectaba e sentíame ben ao facelo. Algo que recordo especialmente ao respecto, foi a participación no Consello Escolar. Axudome a coñecer mellor a vida na escola a máis de estudar (normas, regulamentos ...)

4. Pasei a facer o bacharelato no instituto e finalmente cursei "Maxisterio na Universidade, aínda que só exercín uns meses como substituta nun CEIP de Meicende no municipio de Arteixo.

5. Actualmente traballo como administrativa en Iberia, no aeroporto da Coruña, exercendo como azafata de terra. Teño a miña propia familia, casei, e intento ocupar o meu tempo libre coa familia, amigos, viaxar e coñecer outros países e culturas, facer un pouco de deporte co meu home, ...

6. Despois de anos de paréntese na relación con algunhas amigas, co paso do tempo retomei algunhas destas relacións, moi esporádicas e sobre todo en fechas marcadas do ano (verán, o Nadal, ...)

7. Recordo especialmente a relación cos meus profesores, que logo pasaron a ser compañeiros, xa que me deron a oportunidade de facer as miñas prácticas de Maxisterio.

¡Vaia equipo de profes: María Xosé Barreiro, Lema, Seixo, ... Minucha, ...

Recordo con pena non poder facer a miña primeira excursión (a Asturias) no último curso por problemas de saúde da miña nai; e con alegría cando bautizamos o colexio.

Henrique Vila

Teño 36 anos. Eu fun dos que inaugurei o colexio, e vino facer.

1.Son uns anos no que o importante era xogar e divertirse,pero sen darse conta,tamén aprender.

2.Pois supoño que como agora,ao fútbol,ao baloncesto...

3.¿Pero había normas? O que te ensinaban os mestres era respecto aos demais e ás cousas.

4.Fun uns anos ao instituto. Fixen o servizo militar, e, sen dar-me conta, apareceron na miña vida unha muller e dúas fillas.

5.Traballo coma comercial nunha empresa chamada Wurth, na que levo xa dez anos. O fin de semana pásoo coa miña familia, saímos pasear ou quedamos con outros amigos.

6.Tes contacto cos amigos de Vilaboa sobre todo,pero a xente coa que te relacionas habitualmente é outra.

7.As excursión,a viaxe que fixéramos a Cangas de Onís e sobre todo os mestres:Xosé Luis Seixo,Lema e María Xosé.

Jessica Sánchez

1.Recordo unha época moi feliz. Eu cheguei doutro colexio e entrei no SOFÍA CASANOVA en 4º de EXB. Fixen moitos amigos e recibín moito cariño deles, aínda que tamén de profesores coma Seixo,Teresa, Minucha ou Mª Carme.

2.Xogábamos á pilla,brilé,cos zancos,ao fútbol,relevos;ensaiábamos obras de teatro e, os demais días estaba castigada porque falaba moito na clase.

3.Entrar e saír do colexio coa música de Manolo Escobar (entre outros) que poñía Oubel.Esas cancións tan só nos gustaban a nós os dous.

4.Eu fun estudar 3º e 4º da ESO e Bacharelato de Humanidades ao Instituto Fernando Wirtz.Despois estudei "AXENCIAS DE VIAXES" e "INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICA" no "Eusebio Da Guarda".

5.Traballando nunha xoiería, aínda que non descarto traballar en algo relacionado cos meus estudos.

6.Manteño boa relación con moita xente do colexio,pero con ninguén unha amizade intensa, porque ao saír do colexio fun para un instituto da Coruña.

7.Os mellores momentos para min eran os días que quedábamos a xantar no colexio e ensaiábamos obras de teatro.Pasabámolo moi ben.

Ana Belén Rodríguez Andrade

1. Aínda que pareza mentira estaba desexando que chegara setembro, porque aburríame todo o verán na casa, pero como non me gustaba madrugar nin facer os deberes, logo me cansaba.
2. De pequena non me gustaba xogar á pelota e tiña moi mala puntería para xogar ás canicas; así que eu era das que xogaba a saltar a corda ou á goma.
3. Sen dúbida, a de non falar na clase. Aínda que non me castigaban moi a miúdo, supoño que facían a vista gorda, algunha vez tiveron que escribir iso de "Non debo falar na clase".
4. Fun estudar BUP e COU á Laboral e despois estudei Filoloxía Inglesa na Coruña.
5. Na actualidade estou casada e teño un fillo pequeno. Aínda que estiven traballando, como profesora particular entre outras cousas, agora estou en paro porque quero disfrutar dos mellores anos do pequeno trasno que teño na casa.
6. Teño amizade con Beatriz Morillas, Ana M^o Calvo e Antonio Candame (Ton).
7. Por escoller unha excursión que fixemos a Asturias, cando estaba en oitavo. Era a primeira vez que saía da casa e coas amigas, a primeira vez que ía á discoteca, aínda que un pouco descafeinada, iso si.

Vanesa Medina

1. Como anos estupendos, creo que non pasaba un día sen ter un ataque de risa floxa...as veces con bagoa incluída.
2. Case sempre ó brilé. Outras veces tamén ó fútbol e incluso temos votado algunha partida ás canicas cando éramos moi novos.
3. A verdade: non lembro ningunha...creo que tiñamos que cumprilo mesmo que calquera cativo doutro colexo...Tamén é certo que creo que os rapaces do meu tempo eramos moito mais apocadiños cos de agora...case sempre...
4. Resumindo: fun ó instituto de ahí á Universidade a estudar Bioloxía e logo tiveron moita sorte e non tardei en empezar a traballar.
5. Traballo no hospital no campo da investigación oncolóxica así que paso moito tempo alí metida pero o que me sobra procuro sacarlle o maior rendemento...
6. Sí. Con Saleta Seixo, Alberto Reimunde. Cando estaba no instituto seguí estudiando con outros rapaces do colexo que agora xa non vexo: Rafa, Héctor...Non lembro os apelidos.
7. Moitos porque foron tantos anos. Eu creo que o mais especial era esa sensación de ir encantada ó cole porque pasábalo xenial alí, como dixeron antes aprendiamos pero sempre con moito cachondeo polo medio. A destacar: as nosas maravillosas obras de teatro sobre todo a que fixemos no último ano, pensei que me mexaba no "escenario" xa que me equivoquei e a partir de ahí liouse a cousa...

1. Fai uns nove anos que saímos do colexio, a escola máis ou menos estaba como agora, quitando algún pequeno amaño.

Do que máis nos lembramos son das notas; un cartón amarelo que contiña no seu interior moitos PA e PA+, que se convertían en sobresaintes e notables cando as nosas nais falaban cas mestra, e onde nas observación case sempre aparecían escritas as mesmas verbas: "hai que falar menos".

Lembramos tamén, con moita morriña, os meses das obras de teatro; o ben que sabían eses bocadillos e eses bocadillos e esas tortillas, que pasaban toda a mañá metidiñas nun recipiente plástico na mochila, que comiamos ao sol na pista de fútbol, as veces incluso tiñamos a sorte de que o rapaz que nos gustaba era compañeiro de obra, nese caso pasábamos toda a semana desexando que fose Luns ou Martes para poder comer a súa veiriña. Por suposto todo iso tiña unha repercusión o día seguinte porque certa mestra (non vamos dicir o nome porque xa todos os que estudiamos alí sabemos a quen nos referimos) sempre quería saber os nosos amoríos pasando estes a ser un segredo a voces.

2. Boa pregunta, xogábamos a moitas cousas, ademáis de poñer verde a examiga que tocaba ese día. Resulta que había un xogo, que agora despois de nove anos chámamos moito a atención, que se trataba de escribirlle na man a outra un sobre e un número, non sabemos moi ben como era, o curioso era que no recreo tiñas que petarlle no cu a tantos rapaces como o número que tiñas na man. Cando unha repaza lle facía ese xogo a outra, ela non podía saber que se trataba, pero como se facía tantas veces todas sabíamos o que era, pero nos facíamos as parvas para poder tocarlle o cu o neno que nos tiña toliñas. Un xogo bastante gracioso.

3. Sen dúbida estar caladas na clase. O noso forte nunca foi o silencio.

4. As dúas fixemos a ESO no IESO Eduardo Blanco Amor, sen ningún tipo de problema nin cas notas, nin cos profesores, nin co centro en xeral. Despois o Bachelato no IES Cruceiro Baleares.

5. Tania: facendo o Ciclo Superior Xardín de Infancia no instituto López y Vicuña.
Emma: Enxeñería de Camiños Canais e Portos na ETS. De ECCP da Coruña.

6. De amizade pouca, entre nolas dúas, con Rebeca Blanco, Carlos Prego, Juan Capelán, Adrián Díaz, Iria Brandariz. Podemos dicir que seguimos vendo moi de vez en cando, o millor cando saímos de festa ou pola rúa con Martín López, Lucía Torrecilla, Jacobo Veiras, Jorge Bergondo, Iván Pan... e algún máis.

E unha pena non ter relación con máis compañeiros, algúns de nos levabamos xuntos desde infantil, aínda no colexio de arriba (CP. Sta. M^a de Rutis). Encantaríanos poder velos a todos xuntos e saber da súa vida, pero supoño que escollemos camiños distintos.

7. Todos os recordos son especiais, foi unha etapa moi fermosa da nosa vida, facía un tempo que Tania e eu non falabámos e quedamos en reunirnos para facer esta pequena redacción xuntas como cando estabamos no colexio que éramos inseparables.

Non temos ningún recordo malo do colexio e se o temos asegúrovos que non é moi importante porque agora mesmo non nos decatamos. Tanto Tania coma eu coincidimos nunha cousa, se hai algo que caracterice ao Sofía Casanova e os seus mestres son AS COPLAS, comezábamos facer coplas dous meses antes, tódalas clases de Galego inventa que te inventa, pensa que te pensa, escribe que te escribe, fala que te fala, tiñamos follas cheas de coplas, (non sei como Tareixa non se cansaba de lelas) todos esperando a cas puxeran na revista do entroido e fóramos famosos no colexio e na nosa familia, e despois de tanto esforzo, tantas horas diante da libreta (da nosa e da dos demais) recibimos a revista, abrimola, buscamos a folia onde por fin veremos tódolos nosos pensamentos, tódalas palabras que lles leíamos as nosas nais para escoitar un: "está xenial esa a teñen que poñer na revista, seguro" , así unha tras outra, buscamos ansiosos as follas inmensas cos nosos escritos e os nosos nomes enbaixo, pero a realidade era outra, unha páxina de corenta coplas, máis ou menos, escollidas de cincuenta rapaces que eramos entre A e B, o único que quedaba era rezar para que algunha delas fose a nosa e quedar contentos outro ano máis.

EMMA RIVAS RABUÑAL
TANIA RODRÍGUEZ SAR




Os nosos nomes son Lucía e Zeltia Torrecilla Pérez e pasamos polo colexio entre os anos 1995 e 2000. O recordo que temos tanto dos profesores e profesoras, como das instalacións é moi bo. Os mestres que máis nos ensinaron e que sempre recordaremos polo seu esforzo e polo agarimo co que nos trataron son, entre outros : Minucha, Tareixa, Isabel, Pepita, Seixo, Xosé Luís, Alberto, Luchi, Marina, María Xosé, Carmela, e por suposto o noso antigo “dire”, Lema.

A escola dende entón, cambiou bastante en aparencia: agora o patio cuberto está decorado cun mural moi bonito, púxose unha útil sala de informática, reformouse o pavillón e engadíronse xogos, como tobogáns, para os máis pequenos. Sen embargo, a vida no “cole” segue a ser a mesma: os nenos e nenas a aprender a xogar, despreocupados; e os mestres e mestras a coidar de que todo lles saia ben.

Na escola séguese a impulsar a nosa fala dende a práctica, así como o coidado do medio. Os “pro-fes” ensinan aínda a vivir en sociedade, implicándose e axudando aos nenos nos seus problemas coma se fosen pais.

Por todos estes motivos, creemos que a maior parte dos alumnos desta escola somos capaces de vivir a vida cun sorriso, e no 25 aniversario do noso querido colexio debemos berrar ben forte: **MOITAS GRACIAS, SOFÍA CASANOVA!**





Lembranzas do meu cole

Ex alumnos e ex alumnas deixan plasmados os seus recordos do seu paso polo Sofia Casanova nestes escritos.

Gonzalo Méndez Mosquera

O Sofia Casanova non é só un centro educativo, tamén é ilusión ou grato recordo para nenos e nenas xeración tras xeración, é o xérmolo da vida do noso pobo, unha casa que sempre acolle con agarimo e cos brazos abertos a quen chama á súa porta.

A pesar de que pasen os anos, ó voltar ó colexio parece como se nada cambiara, como se voltaras a ser de novo o mesmo rapaz que por alí pasou. Moitos recordos do meu paso polo Sofia Casanova quedaron gravados na miña memoria: xogos no patio, festivais nos que absolutamente todo o colexio se poñía patas arriba para que aínda que fose con tres caixas, dúas telas e catro pinturas fixéramos os mellores recitais, obras de teatro, cancións...; magostos onde nos fartábamnos de castañas; entroidos nos que as nais esperaban asustadas o encomendo que había que cumprir cada ano e nos que ansiabamos o xuízo do Entroido para facer estoupar a traca de petardos...

Creo que este é tamén o momento e lugar para dar as GRACIAS con letras maiúsculas a todos os profesionais que pasaron polo Sofia Casanova, que nos aturaron durante moitos anos, que nos axudaron a medrar día tras día e que, aínda que ás veces non nos deamos conta, o seguen a facer coa súa lembranza. Sen dúbida todos eles formarán parte importante da vida de moitas persoas.

Alexis Varela Fernández

Cando lembro o nome de Sofia Casanova ven ao meu maxín un xogo de palabras, xa que Sofia en grego significa sabedoría e, precisamente, foi este colexio a miña “Nova Casa de Sabedoría” nos anos lectivos 93-94, 94-95 e 95-96.

Viña dun colexio xa desaparecido, o Santa María de Rutis, e temía non coñecer a ninguén os primeiros días de escola, pero mantiven os meus compañeiros do antigo colexio.

Neses anos vivín unha época da miña vida moi importante, xa que foi cando sentín por primeira vez o verme do que hoxe é a miña carreira, “Licenciatura en Químicas”.

Non sería posible que sentise esa necesidade de coñecer esa ciencia sen as clases de Carme Cerqueiro. Esta mestra foi a miña titora nos últimos dous cursos, pero xa me dera clase no primeiro deles.

Quero deixar constancia dunha serie de mestres que axudaron a fundamentar os meus coñecementos actuais, como son Manuel García Penas (titor do primeiro ano), Manoli e Xoana (dúas mestras que só me deron clase no segundo ano), Xosé Luis Fafián (non sei cómo, pero facía que lésemos), Margarida (unha mestra de inglés nova que me deu clase en oitavo), Lema (“el dire”), e seguramente que me esquezo de algún.

Quero mencionar a parte a unha terna de mestres de tronío como foron Minucha, Teresa e Seixo, que a pesares de non ser sempre os meus mestres, puiden contar con eles en calquera momento, incluso cando xa marchei do colexio, e aínda hoxe.

Pero creo que ninguén se sentirá ofendido se escribo que houbo un mestre que, a pesares de ensinarme un só ano, me marcou de forma profunda. Pola súa maneira de falar, pola súa presenza na clase, e por moitas cousas máis. Non volvíñ saber del, pero nunca o esquecín; é o único mestre que tiven na miña vida académica ao que o chamo de “Don”: el é Don Paco. Este home confiou en min para facer unha obra de teatro cando eu lle dixera que nunca fixera teatro. Era sobre un home vello que ía por primeira vez ao médico, pero o home era moi larchán.



Grazas a todos por sentar firmemente as bases do meu coñecemento. Ata sempre. Aquí tedes a un amigo, que nunca deixará de ser o voso alumno.

Aquí quero facer mención especial a un home que moito nos ten chamado a atención, moitas fotocopias nos fixo, moito nos atendeu cando estábamos indispostos, ...Grazas a ti tamén, Oubel.

M^a Consuelo Ganzobre

Todos sabemos que na escola está prohibido comer chicle. Aínda así, todos algunha vez témolo comido ás agachadas. Nós sempre xogábase a ver canto tempo tardaban en descubriarnos. Era un xogo divertido, ata que un día levei un escarmento.

Foi na clase de Lingua Castelá, a nosa profesora era Carmela. Tras varios días que me pillara comendo chicle, un día enfadouse tanto que mandoume facer 200 copias de “Non se pode comer chicle na clase”. Pareceu-me tan mal que non as fixen (o cal foi peor); ao día seguinte ao non facelas mandoume o dobre... e así sucesivamente ata chegar a 2000 copias. Ao final por non facer 200, tiven que facer 2000. De todo isto, podemos sacar unha lección, non fagas o que non debes, e se o fas cumpre o castigo a primeira. Porque como ben dicían os nosos avós:

“Quen non quere unha taza de caldo, dásenlle dúas”.



Diana Seijas Santos

Moitos e bos recordos viñéronseme á cabeza cando comecei a escribir estas liñas. Acumulados durante tres cursos: 6º, 7º e 8º da EXB (que a saber cómo se chama agora...), fai xa 17 anos (esto foi o único que me chafou un pouco o día!)

Aqueles momentos cercanos ás Letras Galegas en que todos faciamos poesías e contos, ansiosos de velos publicados na revista do colexio; as competicións deportivas, incluído o brilé (¿Cómo se xogaría a iso?) e algún ano a chave; a preparación do Entroido, aqueles disfraces tan zurrados; a mítica excursión a Asturias do último ano (xa lle gustaría á Warner ter o seu encanto!).

Aínda que para min O RECORDO, sen dúbida, son as obras de teatro que faciamos. ¡ A de medio-días que pasamos alí xantando o bocadillo, ensaiando, preparando vestiarios, decorados...! Extrañame que algún non saíse actor, porque dende logo escola si que levamos.

Gracias por aqueles maravillosos anos. E por lembrarnos, 25 anos despois, que tivemos a mellor das infancias.

Ester Pallares

Marchei do colexio no ano 2005.

O estudo neste colexio foi unha época importante da miña vida.

Paseino moi ben en Infantil, e na Primaria aprendín moitas cousas (sobre todo) nos dous últimos anos que me están servindo de moito no instituto.

Tamén gardo moi bo recordo dos mestres que me deron clases.

Pero o que máis me gustaba eran as excursións e as festas de final de curso.

Luisa

Fai poucos días chamoume a miña amiga Elvira para dicirme que tiña que escribir sobre a miña experiencia nos anos que pasei no Colexio Sofía Casanova porque se cumpren vintecinco anos dende a súa inauguración. Algúns días despois falei con Minucha, a miña profesora os tres últimos anos na escola, que ademais era a titora do meu grupo. Creo que non falaba con ela dende, polo menos, quince anos, ou ao mellor máis, e teño que dicir que, realmente foi unha ilusión que se acordaran de nós para isto, porque aínda que “non é traballo do doado”, si teño que dicir que é do que se fai con gusto.

¡25 ANOS!, parece increíble que xa pasaran vintecinco anos, pero ten que ser así porque eu estou a punto de cumprir 34, eu empecei nesa escola cando tiña nove, no que antes era 4º de E.X.B. Onde vai parar, agora nin sequera existe a E.X.B....; nembargantes eu recordo perfectamente a miña profesora de 4ª curso, e creo que aínda podería sinalar o sitio no que me sentaba na clase. Tamén lembro, un rapaz que se chamaba René, que se a profesora saía da clase, tocaba a frauta e todos quedabamos calados a escoitar sen facer ningún ruído, e así caladiños nos atopaba cando regresaba.

Agora me parece que aos alumnos chaman aos profesores polo seu nome, pero antes non, dirixíamonos a eles como profesor e profesora, polo menos que eu lembre. Non sei se as cousas que faciamos serán moi diferentes das que fan os rapaces de agora. Do que si estou segura é de que non xogabamos coa vídeo consola, nin tiñamos teléfono móbil, non existía Internet nin os chats nin nada diso, e penso que xogabamos moito mais na rúa, e viamos menos a televisión. Pero seguro que no fondo non eramos moi diferentes dos rapaces de agora.

Recordo aprender cousas que quedaron gravadas para sempre, como o himno galego, poesías de Rosalía de Castro, Castelao ... E os compañeiros, algúns deles non os volvín ver nunca máis, hai outros que vexo de vez en cando e que coñezo ben, e outros que, aínda que non podo recordar o seu nome, nin o curso no que estudiamos xuntos, si que sei que eran da mesma escola, porque naquel momento Vilaboa tampouco era tan grande e nos coñecíamos case todos. Supoño que iso agora tamén cambiaría bastante. Recordo mirar pola fiestra da clase e ver o fume que botaba a cheminea da Cross, que agora xa non existe, e tamén lembro cando abriu Alcampo, porque todos faciamos bromas na clase co do carriño da compra que nos facía moita gracia e dicíamos que íamos ir O Campo. Lémbrome dun profesor de relixión moi extravagante que tiñamos que comía xiz na clase, e tamén lembro as excursións que fixemos, polo menos dalgunhas, como cando estivemos na Casa das Ciencias, e no Monte Xalo, e tamén da viaxe de fin de curso que fixemos en 8º (para que todo o mundo entenda era o último ano antes de pasar ao instituto), foramos a Oviedo e a Covadonga. Agora supoño que irán a Mallorca ou a outro sitio similar, nembargantes nos nin sequera collemos un avión pero a min pareceume como dar a volta ao mundo, polo menos media volta. Recordo que unha noite leváronos á discoteca, e os rapaces non querían bailar, estaban todos sentados e nos non nos atreviamos a sacalos.

Comezábase a ver un pouquiño o que iamos ser de adultos, non me refiro a se iamos gañar o premio Nóbel ou converternos nun futbolista famoso, refirome ao que iamos ser como persoas, aos nosos valores, á nosa identidade, á nosa capacidade para relacionarnos cos demais. Por iso a educación é tan importante, non só polo que se aprende de matemáticas, e de lingua, senón por todo o demais, que é o que queda e a base do que podemos facer despois. Creo que nesa medida, con mellor ou peor resultado pola miña parte, creo que podo dicir que estou moi orgullosa do que recibín na miña escola. E tamén das amigas que fixen neses anos, son das afortunadas que vintecinco anos despois aínda as conservo.

Panxón 1990



Noelia Barciela

Eu era unha nena de doce anos nun novo colexio, nunha nova vida, aínda que nunha terra coñecida. Aquí descubrín esas cousas que se aprenden na E.X.B. pero tamen esas que te axudan a dixerir a vida un pouco mellor. Cousas como a amizade. Seiscentos recreos e catorce anos despois, aínda teño amigas de esas á que non ves por iso das presas e da falta de tempo pero que están ahí, detrás dun teléfono ou dun e-mail.

Descubrín tamén o espírito de competición, nesas interminables sesións de brilé. Tiven que comezar a coñecer o que significa a palabra constancia, cando masticaba unha fórmula química ou tragaba unha ecuación, desas que quedan atravesadas na gorxa. Tamén aprendín o que é o primeiro amor e o máis duro de todo, o que vale un desamor, ¡canto sufrín por aquel rapaz! E como todos os nenos, fantaseaba con vocacións apaixonantes : detective, veterinaria, xornalista...

E aquí, no Sofía Casanova, non recordo exactamente qué día foi, din co máis fermoso que puiden atopar : as palabras. Esas en galego, en castelán, ata en inglés , esas que misteriosamente

na punta do meu lápiz fundíanse e amoldábanse como eu quería :en simples e monótonos exercicios, en poemas asonantes, en sonetos, en obras de teatro, simplemente en líneas...Eran miñas sempre que eu quixese, estaban dentro de mín e só tiña que vertelas no papel para sentirme tan ceibe como elas. Sempre estiveran conmigo pero faltaba que alguén me explicase como sacalas , e esas persoas que me ensinaron a exprimir estas laranxas de zume doce coma o primeiro bico , fostes vos: os mestres, meus “profes”. E penso que nese simple xesto está a esencia de todo o que son, de todo o que fixen despois . Eses turnos de dez horas nunha cafetería servindo café e botándolle algo máis que azucre; algúns lle chaman “atención ó cliente” pero eu penso que era pura “palabrería” no sentido máis belo e positivo. A miña viaxe a Irlanda, os meus paseos polo río Liffey nunha beira na que as palabras son extranas , alleas, ás veces lonxanas, pero bastaba con botar man da “morriña” para que escoitases a alguén falando en castelán ou incluso en galego. Respirabas fondo en nun cerrar de ollos estabas en casa. Palabras ata en alemán fixeronme falta para guiar os “guiris” unha vez que terminei o meu ciclo de “información turística” e fixen as prácticas de guía.E sempre están ahí para facerme compañía, loitando moitas veces por saír, agora que as teño un pouco amordazadas por eso da falta de tempo, tán intrínseco á idade adulta. Hoxe saíron por vos. E non podo despedirme máis que cunha de esas palabras enormes, xigantes, rotundas. ¡GRACIAS!



Inés Mera Rico

Vou intentar escribir estas poucas liñas coma se aínda estivera no colexio. Con frases curtas, tirando a dar, coma nun recreo. Ou mellor vou facer unha copla, que non lles parece mal aos profes que nos metamos con eles en verso. E, por que non, podo botarlle na cara ao Antroido todo o mal que nos fixo neste último ano, xulgalo, facelo arder. Argallar unha peza de teatro para representar, facer uns zancos de madeira, e se me sobra tempo, apañar castañas para o magosto, que non queda nada. ¿Algunha vez vistes asar castañas nunha formigoneira? Eu si. E pola tarde fútbol, ou reciclar papel, ou prantar unha árbore...

Vou intentar escribir estas poucas liñas coma se aínda estivera no Sofía Casanova, vou facer un esforzo por non esquecer todas as cousas que alí fixen (as trasnadas tamén).

E voules mandar unha aperta grande aos que -dende a mesa do lado, ou a grande do profe,o despacho, a conserxería ou o asento de conductor do autobús- formaron parte deses anos tan chulis. ¿Algunha vez saístes ao recreo entre gaitas e tambores? Mala sorte...



O MEU PASO POLO SOFÍA CASANOVA (E O PASO DO SOFÍA CASANOVA POR MIN)
ALEXANDRE GARCÍA REGUEIRA (ALUMNO DENDE O CURSO 1992-93 ATA O 1995-96)

Eu viña de estudar os primeiros 5 anos de E.X.B. en Malpica, onde xa tiña a miña panda de amigos, e onde vivira toda a miña vida. A verdade é que non me agradaba nada a idea de cambiar de lugar e ter que facer novas amizades. En pouco tempo descubrín que non sempre os cambios son para mal, e tamén tiveron a miña panda de amigos en Vilaboa.

O meu paso polo colexio foi fugaz pois só estiven 3 anos (6º, 7º e 8), pero tiveron moita importancia na miña vida, xa que foi para min unha época de cambios e de afirmación da miña identidade como persoa. Por exemplo, pasei de falar castelán cos amigos, a pesar de que falaba galego en Malpica e na casa (cousas da idade), a tomar a decisión de falar galego con todo o mundo.

A min en esa época, como podedes imaxinar, non me agradaba moito ir a clase, podendo quedar na casa, así que, cando ninguén se daba conta, evadíame. Non literalmente (eso que gana non me faltaban vendo dende a fiestra da clase os campos da Laboral), senón planificando o que ía facer pola tarde e/ou no recreo. Cando levaba un rato maquinando no ben que o ía pasar, sempre escoitaba a voz de Tereixa a de galego, ou de María Xosé a de matemáticas, ou do señor Paco o de castelano:

-Alexandre... -inspiraba profundamente, como sabendo o que ía pasar- sae aquí e dinos como se fai este exercicio.

Nese momento, non me facía demasiada gracia ter que improvisar algo diante dos compañeiros, sobre todo cando os ollos e as orellas da/o mestre estaban agardando a miña resposta. Agora, agradézolle enormemente a atención que me prestaban, incluso nos intres nos que eu non a prestaba tanto, pois dende logo eu non sería a mesma persoa sen a formación que recibín neste colexio. Non só pola formación senón polas amizades que forxei, das cales aínda conservo algunhas, e polas vivencias de eses anos, a fin de contas **a un colexio non só se vai a estudar.**

Año 1983. Comeza a funcionar un novo centro escolar en Vilaboa, o Sofía Casanova.

Para el viríamos o alumnado das escolas máis alonxadas, como o colexio de Culleredo.

Cando chegamos aquí, atopámonos cun colexio rodeado de maleza e de campos.

Co paso do tempo transformouse no que hoxe podemos ver: edificios, parques e zonas verdes. Para conseguir o que hoxe estamos vendo e disfrutando, tívose que traballar moito.

Foron moitos os días adicados a plantación e conservación destas zonas verdes, flores e árbores, que por certo tan só podemos ver un dos tres piñeiros plantados, que os outros levounos o "Hortensia".

Na parte de atrás do cole vivían uns cuantos eucaliptos que se tiveron que talar, xa que as súas raíces levantaban o chan e era perigoso.

As cousas foron mellorando.

Construíuse o pavillón de deportes no que se celebraron festas de final de curso, guateques, xornadas deportivas,...

Tamén cambiaron as entradas e saídas das clases. Ao principio Oubel poñíase diante da porta principal como se fose un árbitro de fútbol e facía soar un chifre, e... ¡todos adentro!

Agora, en cambio, soa unha música agradable avisando de que as clases empezan e rematan.

O día que se inundou o colexio, tamén é para lembrar, xa que corría a auga dende a segunda planta ata abaixo sen parar.

-Rápido, correde- dicía Oubel- traede toallas, caldeiros, fregonas,...

Cando chegou a hora de abrir o colexio aínda quedaba auga por achicar.

¡Que apuro tan grande!

Dona Antonia, que era a directora nese momento, tamén remangou os pantalóns, e entre todos podemos continuar as clases como se fose un día normal.

Moitos foron os profes que por este cole pasaron. Algúns seguen connosco, pero outros fóronse, pero non os esquecemos.

En 25 anos hai moito que contar, pero isto eu creo que é suficiente para agradecer a todas aquelas persoas que coa súa axuda (profesorado, alumnado,...) fixeron posible que este colexio funcione como está a facer.

GELI OUBEL

Dende Madrid

Perdón por esta inmensa tardanza, o tempo pasa voando nestes madriles entre traballo ,burocracias, facenda, renovacións de documentos, cuidado do fogar e demais ocupacións. Nin esquecín da conversa que tiveron con Teresa nin da posibilidade de escribir algo para "a Revista": pensei no metro, no autobús (estupendos rincóns para a reflexión) e, a verdade, é que dos primeiros anos da escola só tiña na miña imaxinación unha profesora que cobraba a imaxe e o nome de Concha Velasco, pero nin siquera estou segura de que se trate dun recordo máis que dunha ilusión. Sen embargo non olvidei a cara do conserxe, nin as clases de ética na biblioteca. Tampouco esquecín o primeiro libro "gordo" que hollín nas súas estanterías, así como aquela marabillosa colección "Biblioteca Básica da Cultura Galega". Nin aqueles mediodías de ensaio das obras de teatro que tanto me gustaban, nin a viaxe a Asturias, nin o antroido. Nin cando con motivo do día das Letras Galegas, escribíamos os nosos contos e poesías para despois facer a "revista".

Inda que, se hei de quedarme con algo daqueles 8 anos da escola, quedo coa profesora Teresa, por algo me chamaban "a piti-poing", porque en vez de baixar voando as escaleiras para ir ao patio, prefería alongar auqela baixada mentras charlaba con ela.

Fun moi feliz no Sofía Casanova. Moitos bicos e apertas.

Lorena Esmorís Galán

¡Como pasa o tempo! Parece que foi onte e xa hai vintecinco anos. Recordo o meu primeiro ano no Sofía Casanova; eu cursaba terceiro curso e a miña mestra chamábase Esther. Era xove e guapa e os nenos dicíamos que parecía unha azafata de avión.

Nos seguintes cursos os mestres fóronse repetindo, Teresa, Fina, Seixo, Luís...algúns deles como Fina, hoxe en día dan clases na escola dos meus fillos, e de cando en vez, falando con ela lembramos tempos nos que ela me daba clases de naturais, Seixo de sociais, Lema de inglés, Luís de matemáticas, Teresa de lingua...e Fina dille aos meus fillos:

-¡ A ver se saídes tan estudiosos como a vosa nai!

A todo isto os meus fillos rin.

De vez en cando atópome con algún compañeiro/a pero hai outros que non vexo dende hai moitos anos.

As fotos que vos mostro son as da excursión de fin de curso de oitavo de EXB.

Estivemos todos xuntos, durante un fin de semana, en Cangas de Onís, Asturias; visitamos os Lagos de Covadonga, unha sidrería, a cidade de Oviedo, e todos o pasamos moi ben xunto cos nosos mestres.

Bueno, disto xa hai moitos anos, pero eu gardo todo isto como unha fermosa etapa da miña vida.

Un bico para todos

Sandra Rabuñal Peinado



Hai momentos nos que o reloxo da vida parece adiantar de súpeto, e nos decatamos que aínda que o noso espírito segue sendo mozo, ou máis ben iso queremos crer, xa somos uns medios “*carquillas de taitantos*” e a nenez convértese nun episodio xa moi afastado. Esa sensación embargoume cando escoitei a voz da apreciada “profe” Teresa hai uns días, a mesma voz que nos explicaba as mates, esa lembranza asociada aos meus once ou doce anos entrou en contradición coa realidade de que xa pasaran máis de vinte anos...

O Colexio Sofía Casanova comezou a súa andaina o ano que eu cursaba terceiro da desaparecida E.X.B., abríase un mundo de novas sensacións para min: un edificio que para os meus oito anos mostrábase inmenso, o olor a pupitres e encerados novos era fascinante, atrás quedaban as cativas aulas do antigo colexio asociado á Igrexa de Vilaboa e os profesores que nos facían ler de pé as “señoritas” de seis anos cos brazos cruzados tras as costas. Algo estaba cambiando nos recentes estreados oitenta, que se nos facía perceptible só en pequenos detalles dentro do noso pequeno gran mundo.

Foron uns anos moi felices os transcorridos no Sofía Casanova, dos oito aos trece anos: atopámonos cun grupo de profesores xoves aos que lles temos que agradecer a súa ilusión de ensinar máis alá do escrito nos libros.

Lembro as primeiras clases dunha lingua bárbara chamada inglés, en cadernos que nos íamos construindo cos nomes das cores *green, yellow, blue*.... As primeiras clases en galego, aquela lingua que os nosos pais e avós falaban entre eles, as historias de meigas e trasgos; a asombrosa aparición dunha cultura castrexa nas excursións que fixeramos ao Dolmen de Dombate e ao Castro de Borneiro, porque resultaba que viviamos no *Fogar de Breogán* que o grande Imperio Romano colonizara; os concursos anuais de poesía, prosa e debuxo, que supoñan una gran reto para a nosa imaxinación; a celebración do día da árbore; as excursións na procura dos fuxitivos gamusinos... As veces penso que ese espírito creativo quedou aletargado para sempre neses anos, porque despois a vida levoume polo mundo tan *empírico e inexacto* dos números.

Só podemos dicirvos queridos “profes”, gracias por transmitirnos as ansias por aprender, por suspenderme unha exame de lingua por non deixar a marxe dereita da folla..., que ben se aprenden dos erros que alguén se digna en corrixir!. A cativa que aínda me empeño en levar dentro, seguirá cantando a canción que me ensinastes : “Mouchooooo, que estás nos penedooo, es de cartón, non che teño medooo...” Graciñas por iniciarnos no mundo do coñecemento, resultou ser o mellor punto de partida para dirixir as nosas vidas.

Sonia Golpe Faraldo, Belén González Fonteboa e Elvira López Dovigo
(Alumnas do Sofía Casanova 1981-1987)

QUE TEMPOS AQUELES

Curiosa sociedade a das escolas, fiel imaxe daquela do século XII que podemos atopar nos libros de historia que tanto nos custaba memorizar. Parece coma se a xerarquía se establecera na cuna, xa que incluso entre os máis pequenos podemos discernir quen vai ser o rei ou cabecilla, quen o bufón e a princesa, e o guerreiro, e os campesiños ignorados e eses escravos obxecto de burla. Unha vez clasificado parece imposible ascender na escala xerárquica e mesmo os que están na cúpula loitan por seguir aí e non ser derrocados.

Curiosas son tamén as prioridades neses primeiros anos de escola que marcan a nosa vida. Ante todo está a amizade; esas horas de recreo, os ensaios das obras de teatro e esas excursións nas que se xoga e se comparten risas e confidencias. Ese primeiro amor que en moi raras ocasións se ve correspondido. O futuro non existe, as traizóns non se perdoan e os problemas magnifícanse. O aspecto físico convértese na principal preocupación de todos nós e o medo ao ridículo vólvese esaxerado. E se facemos memoria vemos que, agochado no último caixón dos nosos recordos, atopamos os estudos: esas leccións que debíamos memorizar e que paradoxicamente non lembramos, e eses odiados exames que facían da nosa vida un inferno. As mestras e mestres marcan a nosa vida e, grazas a eles, algúns descubrimos a nosa vocación e no futuro podemos vivir dun traballo que nos gusta e para o que estamos preparados.

O Sofía Casanova é un colexio público coma tantos outros, pero para os que estudamos nel sempre será especial: un lugar onde medramos física e intelectualmente, e o centro que escollemos para que os nosos fillos se formen e poidan afrontar unha vida chea de obstáculos, aínda que non insalvables.

E como punto final debo concluír que, dezasete anos despois e baseándome na experiencia persoal, podo afirmar que, ao contrario que na Idade Media, os que na escola foron escravos poden chegar a ser nobres, os reis vasallos e os que foron ignorados teñen voto e son escoitados.

BEATRIZ MORILLAS BARDANCA, ex -alumna (1.983-1.989)

Non podo dicir que teño unha mestura de sentimentos ao lembrar o colexio. Podo usar unha soa palabra para resumir os meus anos de escola: "FELICIDADE". Oito anos de lembranzas veñen onda min para agocharse na folla en branco...


Os berros de alegría ao gañar os partidos de brilé, a emoción contida antes de entrar no escenario a representar "A espiña de toxo", a imaxinación espallada pola aula escribindo as regueifas e as coplas do antroido, aquela festa dos MAIOS, ... a desesperación de Sofía ante a nosa hiperactividade falangueira, as matemáticas de M^a Xosé, as clases de xadrez con Lema en ximnasia, meus pais e a miña tía desexándome diariamente afonías para ver se así me vían calada, as cancións de Xil.

Saleta Seixo



*Nãa de VENTECENCO años:
A.P.A., CONSERXE E PROFESORADO*





Antonio Lema. Antigo Director do Centro



1-¿Canto tempo pasou! ¿En que curso te incorporaches ao Colexio Sofía Casanova e cantos anos estiveches nel?

A verdade é que xa choveu.... Incorporéime ao Sofía Casanova, daquela Colexio Nacional de Vilaboa, o día 1 de maio de 1981. Cesei, por concurso de traslados, o 31 de agosto de 2002. Se no fixen mal as contas, 21 anos e 5 meses.

2-Supoñemos que te lembrás daqueles primeiros tempos. ¿Que imaxes tes daquela época no colexio?

Das moitas xuntanzas de traballo para querer solucionar os problemas que se nos presentaban. E da preocupación dos pais de que os seus fillos non repetisen curso.

3-Fuches nomeado director do centro no curso 86-87 e continuaches despois durante algúns cursos. ¿Que aspectos positivos destacarías dese teu labor? ¿E con que dificultades te atopaches?

No curso 86-87, vacante o posto de dirección, fun proposto pola Inspección por un curso. Lembro que ninguén quería ser director.

No curso 89-90 fun elixido polo claustro e polo consello escolar por un período de tres cursos. Volvín a presentarme, polo mesmo procedemento, nos cursos 92-93, 95-96 e no 98-99. Este último nomeamento foi por catro cursos. En total 14 cursos na dirección.

As dificultades eran as propias desa época en todo centro educativo que quería innovar. Penso que foi un centro moi participativo por parte do profesorado e iso levou consigo moitos acertos e algúns erros. Lembro as moitas horas que dediquei á dirección que, como é lóxico, non sempre se traduciron en resultados positivos.

O problema máis serio que lembro foi o mal que funcionaba o transporte escolar. Despois de moitas presións por parte do profesorado e dos pais, conseguimos un acordo na Consellería, en Santiago, que naqueles tempos foi modélico. E os serios problemas que había desapareceron.

4-Entre as actividades desenvolvidas, ¿poderías indicar as que cres que foron máis importantes no aspecto cultural? ¿E no deportivo?

No cultural, penso que o teatro, no que participaba todo o profesorado. Aínda lembro con ilusión aquel grupo que dirixín chamado “Os Biosbardos”. No aspecto deportivo, os chamados ENCONTROS. Durante varios anos, quedada tódolos venres, das 5 ás 6 e participaban todos os alumnos que querían de 6º, 7º e 8º de E.X.B. Había momentos que na pista xogaban encontros de “brilé”, ate 120 alumnos e alumnas a un tempo.

5-¿Que reformas se levaron a cabo durante todos eses anos?

Fundamentalmente, todo o relacionado coa aplicación da LOXE. Pero do que gardo mellor recordo foi a conexión en rede de 14 ordenadores, na aula de informática pola que pasaban todos os alumnos, tanto de Infantil como de Primaria, con unha extraordinaria implicación do profesorado.

6-¿Correspondíanse coas pretensións da Comunidade Educativa?

Penso que si, xa que no Consello Escolar os pais eran moi participativos

7-Falamos da conflictividade do alumnado.¿Que diferenzas percibes entre o alumnado de hai 20 ou 25 anos e o actual?

A mesma que observamos na sociedade actual e a de hai 20 anos. Aínda lembro cando moitos pais falaban de “D. Lema”. ¿Imaxinades iso hoxe? De tódolos xeitos hoxe só atendo alumnos de Infantil e Primaria (3 a 12 anos). Hoxe as diferenzas, penso que importantes, están no alumnado da ESO, e xa non podo facer comparacións.

8-A década dos oitenta supuxo unha innovación no terreo educativo. No 81 promúlgase a Lei de Normalización Lingüística. ¿Como viviu o Sofía Casanova o proceso de incorporación da Lingua Galega ao ensino?

Na miña opinión, a xente máis comprometida coa nosa lingua, fixo un traballo importante a prol do noso idioma. Aínda hoxe hai colexios que comezan a plantexar o que xa tiña respostas positivas no Sofía Casanova.

9-Resumindo,o bo é o que prevalece:¿Con que momentos te quedarías daqueles anos?

-Coas festas do Antroido.

-Coas excursións, fundamentalmente as de Asturias, co alumnado de 8º de E.X.B.

-Coas actividades de teatro.

-Saber que aquela aula de informática, que montamos con unha conexión provisional pola escaleira, desde a dirección, segue funcionando.

-Coa lembranza do aprecio de moitas persoas, que en todos eses anos atopei en moitos membros da comunidade educativa: profesorado, conserxe, pais e alumnado.

Podería seguir pero penso que abonda con dicirvos que, nalgunha ocasión, cando falo como director do meu actual colexio, o María Pita, sáeme “Sofía Casanova”.

Para todos os que me coñecestes, no Sofía Casanova” unha forte aperta.



Aos que nos deixaron “... y los pájaros seguirán cantando”

Se facemos un reconto dos/as profes que “nos deixaron” acordémonos de : Julia, Paco, Nena, Don Antonio e a mais recente, ti, Sure.

... Xa vai para dous anos que non estás conosco e ...
¡botámoste en falta!

Lembro aqueles luns á tardiña, en que íamos verte ao café de abaixo da túa casa e parecía aquilo “un claustro” de tantas como alí nos xuntabamos.

Lembrámoste cada vez mais miuda físicamente co teu gorro vermello pero ... itan grande e forte anímicamente! que nos parecía imposible pensar en tan tráxico fin.

Lémbrote argallando unha gran festa de amigos e amigas case no último alento. Por iso ...

¡Botámoste tanto en falta!

Grazas, Sure, pola túa fortaleza, polo amor que amosaches ao alumnado e ás familias, por ter sempre un sentimento positivo ata o fin.

“ ... y los pájaros seguirán cantando”



Unha tarde de orballo

Saira xa da escola e estaba na casa sen facer nada. Como non podía saír púxenme a ver o maino caer da choiva sobre a rúa que estaba deserta. As gotas esvaraban pola xanela e eu adicábame a ver o rápido baixar delas polos cristais. A auga baixaba con présa polo canelón e as gotas pingaban das tellas. Púxenme a observar unha gota que había no cristal e intentaba explorar o seu interior, como se buscase algo descoñecido. Aquilo fixo que centrasede toda a miña intención na gota e sen saber como quedei atrapado nela. Cando abrín os ollos vin que estaba no interior da gota púxenme a admirar a súa fermosa paisaxe. Mirei para arriba e vin un gran ceo limpo que despia destellos de luz e de todas as cores imaxinables. Ante min estaba unha gran chaira ricamente bordada con destellos cor de prata e que parecía non ter fin nin comezo. Xa me acostumara ao raro do paisaxe e xa non me asustaba estar dentro nunha gota de auga aínda que non podo dicir que me gustaba quedar alí. Boteime a caminar tranquilamente, e de súpeto caeume enriba unha fina rede tecida de finos fíos de prata. Cando conseguín desfacerme da rede, atopeime rodeado dunas pequenas criaturas que semellaban bólas de la, con dous ollos saltóns e dous pares de patas, a meazábanme coas súas lanzas de punta de cristal e invitábanme a que estíbese quedo. Intentei parlamentar con eles pero seguían na mesma postura en que os atopara. De súpeto apareceu ante min unha delas, que era un pouco máis alta que as demais, e díxome:

- Benvido á terra Xetl, son un drakie e chámome ZIDO. Sei como chegaches aquí e sei tamén como podes fuxir e voltar o teu mundo ...

Miguel García Aleja (1986)

Entre a névoa

Névoa, só névoa é o que se ve sempre. Dende o mencer ata o solpor. Névoa, sempre névoa. Quero loitar contra ela, máis non podo ver nada. A uns pasos vexo xente, mellor dito as súas sombras. Voulle pedir axuda, máis non podo ver nada ao fondo, só escoito unha lingua que non entendo e os seus ollos indican desprecio.

Sigo a loitar con algo que non sei onde está, non o podo tocar e está preto de min; non o podo ver e está ao meu arredor. Camiño, paseniño, mais non sei cara a onde. Camiño, paseniño, mais non sei por que. Camiño, paseniño, quizais buscando algo, mais, ¿Qué? Non o sei. Só sei que unha misteriosa forza turra por min. Non a vexo pero está aí, non a vexo pero sintoa. . . Vexo mais xente, está traballando. Está pobrementemente vestida e vese envellecida. Estes si que falan o meu idioma e cando me achego a eles só miran ao fronte, cun certo ar de medo e esperanza. . .

Sigo a camiñar, paseniño, entre a espesura da névoa que parece querer encadearme. Vexo moi dificultosamente a dous rapaces. Están xogando e falan o meu idioma. Achégome a eles e, de súpeto, vexo como chegan dous homes altos, de constitución robusta, ao seu carón. Son estranxeiros, non sei o que din. Os nenos dende ese momento falan no " seu " idioma. Eu acerqueime a eles e pregunteilles por que deixaran de falar a súa lingua. Eles miraron cara os dous homes. Logon miraron cara os meus ollos e pu den ver nos seus que tiñan medo. Despois de mirar profundamente aos meus ollos miraron ao fronte cos mesmos ollos dos labregos só reflexaban medo e esperanza. . .

Isabel Balado - (1987)

COPLAS (1981-2006)

Dentro das festas populares que se celebran na escola, o Antroido é a preferida entre o alumnado xa que as actividades realizadas son na súa maioría lúdicas. Disfrázanse, fan o Meco, escriben comparsas e espremen o seu enxeño facendo coplas nas que amosan as súas experiencias e sentimentos acerca do momento e circunstancias que lles toca vivir e un "xuicio do Antroido".

A continuación expoñemos unha pequena escolma desas coplas ao longo destes vintecinco anos onde falan do profesorado, alumnado, directores, concello e incluso momentos puntuais como o afundimento do Mar Exeo.

A dire deste colexio
é pequena pero aguda,
como non esteas atento
cáche un tirón na peluca.

A nosa mestra Minucha
énchenos de poesías .
un día imos parecer
a famosa Rosalía.

As obras do noso colexio
parecen as do Escorial,
empezaron no Antroido,
deixaranas no verán.

Temos polideportiva nova
díganos case acabada,
se entramos a correr nela
imos partirnos a cara.

Unha sorpresa levei
cando onte cheguei á escola,
unha liña me atopei
e Lema sacando a porra.

Se a liña queres pasar
primeiro tes que mirar
e se Lema non está,
ningún perigo correrás.

María Xosé, con infinita razón
dígoche o que sei:
deberes para a casa
pós un montón.

Fraga chegou á Xunta
sen pelo e ben aireado .
botou fóra ós socialistas,
a golpe de bo arado.

Os tubos da calefacción
teñen moitos buratiños
e os paxaros moi listos
van alí facer os niños.



1989



1987

Eu pensaba que o colexio
era cousa de xogar,
e agora dinme todos
que só é para traballar.

Amiguiños, escoitade:
viñeron, xa chegaron
con tres anos uns meniños
que o colexio inundaron.

Isto non é nada xusto:
oitavo vai a París
e mentres nós (7º) a Viveiro.
non é cousa para rir.

Con isto do Mar Exeo
fastidióusenos a festa,
polo menos en dous anos
non podemos ir de pesca.

Os barquiños petroleiros
a desgracia van traer,
veñen deixar o petróleo
¡ e negros vannos poñer!.

As árbores do colexio
un día van caer
porque sempre levan golpes
coa pelota de brilé.

O profe de parvuliños
¡ que guapísimo está!
nada máis velo saír
eu non sei o que me da.

Gracias á xornada única
á rúa podemos saír,
e dende as tres ata as cinco
non nos imos aburrir.

O noso conserxe está moi
moi modernizao ,
á entrada e á saída
ponnos música bacalao.

Na polideportiva do colexio
caen goteiras a montón
que case hai que collelas
cun xigantesco bidón.

Os nenos de preescolar
moito ruído che fan ,
non poden ir a vídeo
caladiños e sen berrar.

Se ó pavillón vas
leva máscara de gas,
pois o frío que vai dentro
a gorxa vaiche conxelar.

Hai uns días no colexio,
os profesores xuntáronse todos
e inventaron unhas normas
que nos van volver tolos.

As regras do noso colexio
moi duras che son
abres un pouco a boca
e vas de camiño a dirección.

Agora no meu colexio
moi modernizados están
onde antes estaba a area
botáronche alquitrán.

O conserxe do noso colexio
deixouse un bigotiño
pra facerse un home forte
e un home máis atractivo.

Seixo e Minucha
son matrimonio
e traballan os dous xuntos
no mesmo manicomio.

O berro de Lema é:
“ correr ata morrer”
a pregunta do millón é:
¿ cando á correr el?.

¡ Parade! É o berro de Minucha,
o de Lema é ¡ correr!,
o de María Xosé ¡ estudar!,
e nós, ¡ non sabemos que facer!.

Os servicios do colexio
famosos van eles ser
pois co fume que alí botan
un S.O.S pódese facer.



1997



1977

Na nosa polideportiva
non se pode estar,
se alí facemos ximnasia
podémonos conxelar.

O profe de relixión
moi enrolado che é,
fala connosco ó moderno
e gústanlle as Spice Girls.

Os mandamais do concello
moi pobres eles che son
mandáronnos os reis magos
nunha especie de tractor.

Este ano no colexio
non hai onde elexir,
nenos guapos non viñeron
¡ á Laboral hai que ir!.

Os nenos e nenas da E.S.O
servimos de experimento
do último plan de estudos
que ás tardes fai perder tempo.

O noso mestre Lema
ímolo ter que internar
dende que chegou Xurxo
parvadas anda a inventar.

Quixo un cambio de tenis
é nós caso lle fixemos,
agora despois de correr
pretende que nos duchemos.

Este ano dona Minucha
Púxose ela moi salada,
Querendo copiar de Shaila
Teñiu o pelo de laranxa.

Sacáronche do desguace
o autobús da Corveira
un día imos rematar
todos tirados dunha leira.

Están moi traumatizados
estes rapaces da E.S.O
pois os mércores á tarde
teñen que vir ao colexio.

As notiñas dos alumnos
son un medio de comunicación
e os profes queren destruílo
sen a nosa aprobación.

Os autobuses do cole
non están para moito andar
¡ se se paran no camiño!
baixaremos a empuxar.

A música do colexio
parece dos nosos vellos
se a puxesen máis moderna
subiríamos máis ledos.

Todas as nenas do cole
teñen un compa ideal,
este é o tamagochi
¡ viva a mascota virtual!.

Lema, Teresa e Carmela
non che fan máis que xogar
cos novos ordenadores
xa veredes ¡ van arrasar!.

Se un coche fungado pasa
xa sabedes de quen é
non é un tren nin un barco
é o seiscientos da de inglés.



1987

O noso profe de lingua
necesita boas lentes,
pois este ano no colexio
regala aprobados á xente.

Os mestres da nosa escola
póñennos moitos deberes
en vez de queimar ao Antroido
ímolos queimar a eles.

En tódolos recreos,
e detrás do pavillón,
debe de haber reunións
porque xente hai a montón.

O día do exame de soci
media clase a él faltou,
ata o profesor Seixo
na súa casa quedou.

No parque do noso colexio
según regras a respectar
algúns nenos dos maiores
alí non podemos xogar.

E digo eu, como un deles:
¿ só un para os máis pequenos?
¿ por que non fan un para nós?
que tamén somos uns nenos.

Aos nenos de parvulitos
fixéronlles un patio novo
e nosoutros os maiores
quitarémollos de novo.

Temos unha profe , Susi,
que sempre fala en inglés
eu entendo máis ben nada,
¿ que cousa podo facer?.

Se estás na lista negra
un dez terás que sacar,
se non queres que Teresa
castigado te vaia deixar.

As persianas que nós temos
rotas e vellas che van
nin arriba nin abaixo
no medio sempre che están.

Tareixa propuxo un trato
e nós pronto o aceptamos,
e despois da experiencia
á próxima o pensamos.

A miña profesora Dolores
mira que ten boa vista
se non facemos os deberes
sempre castiga sen pista.

O “ Prestige”afundi
o fuel foi ao mar
os peixes a morrer
e os pescadores a esperar.

Bush e o señor Aznar
a Irak pensan desarmar
non se paran a pensar
se haberá algo que o poida evitar.

Sure, a nova directora
de Castela debe ser
porque fala o galego
como o alcalde de Culleredo.

¡ Ai Carmela, ai Carmela!
¡canto nos fas traballar!
o día que nos cansemos
ao Antroido ímoste botar.

Rajal o noso profe
gústalle moito pintar
sempre está cos debuxos
¡aínda vai tolear!.

Primeiro, moitas carreiras,
despois foron malabares
agora ¡ salto a dúas cordas!
¿ aínda quedan máis maldades?.

Empezou unha lei
é a lei antitabaco
e o dire da nosa escola
moito o está celebrando.



O XUÍZO DO ENTROIDO



O FISCAL:
 Damas e cabaleiros
 Estamos aquí reunidos
 Neste sete de febreiro
 Para celebrar un xuízo.
 Queremos ao Antroido vulgar
 Por bandido e mentireiro,
 Por na clase de ximnasia,
 Facernos cambiar os praeiros,
 Por ter que ducharnos na clase
 Cando vai frío no inverno;
 Porque o mozo me deixou
 Pola profe de galego;
 Porque en clase de sociais
 Botamos o día inteiro
 E porque o ano pasado
 Un xuízo lle fixemos
 E volveu agora a facer
 Falcatruadas no colexio.
 Por todos estes motivos
 E outros non mencionables,
 Queremos queimar o Antroido
 Por mandón e por malvado
 Para que nos deixe en paz
 Ata o vindeiro ano.

1997

O ANTROIDO:

Hoxe aquí reunidos
 No patio deste colexio
 Falo en nome do Antroido
 Polo seu desexo expreso
 E declárome inocente
 De todos aqueles feitos
 Que me sexan imputados
 Pois eu ningún crime cometo.
 Eu non mandei a ninguén
 Que mudase de praeiros,
 A idea foi de Lema
 E se cumpre o seu desexo
 Porque eu son boa persoa
 E só veño a este colexio
 facer a vosa ledicia
 con vacacións e festexos.
 Eu non son o responsable
 Do falangueiro que é Seixo
 Nin me botedes a culpa
 Pola profe de galego

Eu só son un pobre Antroido
 Que xa vai un pouco vello,
 Que está farto de que o queimen
 Sempre neste colexio.
 Eu veño traer a paz
 E só axudarvos Quero
 E pídvos que non me quiemedes
 Que levo petardos dentro
 E se estoupo polos aires
 Comigo vaise o colexio,
 Aínda que eu sei que a vós
 Pouco vos importa eso.
 Eu declárome INOCENTE
 E o voso perdón quero.

O XUÍZ:

ESTE XURADO REUNIDO
 EN CONGRESO EXTRAORDINA-
 RIO
 NESTE SETE DE FEBREIRO
 AQUÍ NO PATIO DO COLEXIO
 DICTA A SEGUINTE SENTEN-
 CIA
 PARA QUEN QUEIRA SABELO:

“QUE O SEÑOR ANTROIDO
 SEXA ENSEGUIDA QUEIMADO
 CULPABLE DE TODOS OS
 CARGOS
 QUE LLE FORON IMPUTADOS
 E QUE NOS DEIXEN TRAN-
 QUILOS
 ATA O VINDEIRO ANO”





Quiroga 2004



Os Ancares 2002

A.P.A.

Intentarei, porque pasou moito tempo e porque non conservo papeis desa época, resumir as actividades realizadas nese momento e o mesmo tempo dar a miña impresión persoal do paso pola APA:

- 1.- Poñer en marcha a APA (ata ese curso había moi pouca participación dos pais. 10 socios)
- 2.- En colaboración co Concello, A escola de pais, coa participación da sicóloga municipal, con moi boa acollida por parte dos pais.
- 3.- Festa do Nadal con larpeiradas para os nenos
- 4.- Excursión a Santiago no Ano Santo (con chegada a Lavacolla en autobús e marcha a pé ata a catedral)
- 5.- A máis importante foi a aprobación, por maioría, da xornada contínua

A miña impresión persoal é que foi a primeira APA dunha Vilaboa urbana e moderna. De feito, a directiva estaba formada por nove mozas; seis delas eran novas en Vilaboa. A colaboración dirección - profesorado - conserxería, sempre foi de máxima cordialidade e sen incidentes de mención. E nas votacións para Consello Escolar e xornada única, chegouse a superar o 90 % de participación dos pais.

A miña impresión persoal foi positiva e agradezo a colaboración das nais que estiveron connigo na directiva, que, en definitiva, foron quen fixeron todo o traballo.

Un forte abrazo:

Joaquín

Eu estiven na directiva da APA entre os anos 1994 e 1999. Algúns deles como presidenta e representante dos pais en Consello Escolar do centro.

Foi un tempo no que a LOGSE entraba en vixencia, e con ela abríanse os centros educativos ó entorno e á participación dos pais no proceso educativo dos seus fillos. Empezouse tamén a escolarizar ós nenos de 3 anos e a prolongar a escolaridade ata os 16. Instalouse a xornada única no colexio coincidindo cunha forte expansión urbanística de Vilaboa que incluíu no noso pobo a ubicación de todas as vivendas sociais do Concello.

Recordo de aquela época o gran número de persoas: pais, nais, irmás, avós,..., despostas a traballar dende a APA para o centro; eran directivas moi numerosas. Entre todos contribuíamos, entre outras cosas, a:

- .- Ampliar a oferta de actividades extraescolares(natación, xadrez, aeróbic...)
- .- Organizar festexos (iniciouse a cabalgata dos reis en Nadal)
- .- Conseguir subvencións para a adquisición de materias ou a financiación de eventos.
- .- Adquirir os libros de texto con desconto, directamente dende as editoriais; e as merendas unitarias de E. Infantil
- .- Reivindicar da administración os recursos necesarios para atender as novas necesidades que se plantexaban. (Participamos nunha manifestación multitudinaria en Madrid, en defensa do Ensino Público ante a daquela recente ministra de Educación Esperanza Aguirre)
- .-.....

O que mais enerxias nos consumiu foi conseguir que o Instituto Eduardo Blanco Amor para a ESO se contruíse a tempo. Urxía non só para que os alumnos desa etapa contasen cunhas instalacións axeitadas, senón tamén para desconxestionar a masificación que todos estaban sufrindo. Cabe destacar o carácter aberto e dialogante que en todo momento tivo o entón Delegado de Educación en A Coruña, Alberto Fernández Armesto.

Síntome moi orgullosa do colexio de Vilaboa, o CEIP Sofia Casanova, e da educación que nel recibiron os meus fillos.

Grazas a todos e a todas

M^a Carmen Otero

En todos os anos que levo na APA, que non son poucos, vivin unha morea de cousas boas. Houbo etapas de moitas e grandes reivindicacións para conseguir melloras: cubrir o patio, arranxar o tellado, cambiar as ventás, etc. E aínda nos queda unha baza importante que é a construción dun edificio para as aulas de E. Infantil. Todo isto foi un ir e vir de reunións, de protestas e manifestacións ante a Delegación, cortes de tráfico en Vilaboa e incontables xuntanzas con distintas personalidades do entorno de Educación.

Tamén, despois de moitos avatares, logramos ter un comedor no centro e un servizo de almorzón desde as 7:30 da mañá.

Fomos as primeiras nais en facer excursións de máis de dous días con alumnos do colexio, de distintas idades. Pódovos asegurar que foi unha das mellores experiencias da miña vida.

A nosa participación co Centro é positiva e sempre intentamos establecer un diálogo, porque entendemos que é a mellor vía para que os nosos fillos coñezan e entendan o concepto de "comunidade educativa"

En canto as actividades extraescolares, seguimos a liña dos nosos antecesores e cada ano ofertamos algunha máis que nos parecen interesantes e enriquecedoras para o alumnado.

Sería inxusto que, chegado a este punto, non citase a todas aquelas persoas que, o longo deste tempo, nos axudaron cos seus consellos e apoios, que sen eles sería difícil seguir cara adiante.

Para min é un pracer ter pertencido todos estes anos á APA do “Sofía Casanova” e resúltame especialmente grato que a miña despedida como Presidenta da APA coincida co 25 aniversario do colexio.

De novo, agradézolle a todas as miñas compañeiras o seu esforzo neste traballo ao longo de estes anos.

Desde aquí gustaríame pedir un último desexo para a APA: que siga, durante moito tempo, traballando coa mesma ilusión con que o viñemos facendo nós.

Un abrazo moi forte e sorte para o futuro

Susana González



Cabárceno 2006

Recollida de algúns traballos das revistas, dende o 1982

O CARBALLO

É Galiza un gran carballo
que ten as máis altas pólas
onde viven os paxaros
e medra o musgo cal bosco.

Óllano recortando o ceo
os paxaros que voan lonxe
vivindo en selvas sen nome
e sen ter arriba unha nube.

Agarrado está á terra,
o carballo quere voar
e ser de todos os paxaros
algo máis que un fogar.

O carballo tira forte
e non fai mais que medrar
pero o que realmente quere
é como a aguia escapar,
ser ceibe de cadeas,
protexer aos seus paxaros,
perderse no ceo aberto
sen morrer ao chan atado.

No chan podrecen as pólas
As follas atopan seu fin,
berra o chan: ¡ Eu dou vida !
máis o ceo é o vivir.

...

¡Por fin o carballo voa
xa en compañía dos paxaros!
¡ Tamén os da negra selva
viron crebar as raíces!

¡A ledicia é inmensa
agarda unha nova vida
o carballo, ceibe, arriba,
abaixo están as cadeas!

Carlos Lema Añón (1984)

Pouco a pouco van fuxindo das nosas mans os lazos de cor branco que con forza e loita terminaron até agora con mortes, sufrimentos e represións desa pequena, si, pequena liberdade e poder que Galicia tiña sobre a embarcación da nosa vida, sobre o berce onde dormían os nosos soños.

Pero esa diminuta ledicia da nosa dona, nublouse e chegou a desaparecer despois dun forte vento que arrincou o seu sentido. Si, nosa dona, perdendo todo porque, se ben o pan é o noso alimento, así a semente dese pan era a auga, pero non esa auga simple, senón a auga do mar galego.

Mais a semente destes anos, segundo contan os labregos mariñeiros galegos, foi unha semente nova, controlada, represiva que tivo como resultado a mala colleita. O mar xa non era da nosa dona, xa non eran os seus servos os galegos. Todo cambiara.

O noso mar era a mina dos cerebros, dos inventos da destrucción, dos que decían ser os nosos amigos, os nosos pais dende agora.

Nese espello de cristal galego xa non se reflexaba a figura de Galicia, xa non tiña como fondo a liberdade; todo cambiara. No espello reflectíanse os nosos inimigos, e no fondo cadeas formadas por grandes extensións de botes que pechaban a liberdade dun mar, que era e é, o noso.

Unha voz chamada galego

Dende a máis alta póla
até a raíz máis profunda
tece moribunda
esa tea que ninguén de nós souvo
tecer
esa tea que ninguén de nós quixo
ver;
esa tea remendada,
por mil feridas aberta,
esa tea desfiañada...
E ante esa porta pechada
que todos quixeran abrir,

O barro

Cóllante do chan
pásante ás máquinas
logo embólsante
e lévante as casas.

Rei das artes
artes do barro
faimo un xerro
para ir pola auga.

Un neno cómprate novo
e destrózate seguido
para meterse na súa casa
e deixarte esquecido.

Home que fas os xerros,
Xerros cheos de amores,
Para que beban os nenos
Que corren encheiros ás fontes.

Natalia Domato Fariña (1984).



SEMENTE NOVA

M^a del Carmen Arraña Penas-1984

que aínda pasan.
E nas verdes sombrías,
que aínda chaman á porta,
aqueles que xa chamaran,
aqueles que regresaran,
e das máis estrañas formas
que presentarse poideran
urden como as arañas
as teas da enredadeira.

**(Óscar Regueira Morandeira,
1985)**

ante ese engano
todos quixeron fuxir.
E nas esquelas dos camiños
que incitan a seguiolos
quedou impresa a chamada
desa última voz.
-E das estelas que deixaron ao
andar
¿ que foi delas ?
Das estelas dos camiños
xa poucon queda,
que as levaron os ventos mortos,

Árbore Galega

Beleza de paisaxe galega,
Esténdese polo chan galaico;
Símbolo da grandeza e do amor
Que Galicia garda no seu entorno.
Árbore galega, mol e caprichosa
Amoúcasase cando ven o inverno
Por medo à soledade e ó medo;
Vitoriosa por pasala tempestade
Baila no vento en primavera;
E aliméntase no verán do idolo da vida.
¡cortade, Homiños, cortade
árbores e máis árbores
que da beleza da vida só vai
quedar mal até no aire!

Alberto Campos Vilares (1986)

¡Ai! ¡LIBERDADE!

Eramos amigos,
eu home, ti...
eras a pomba
que se pousaba na pola
e non podía alcanzar.
Eras cadea, remordemento,
cruel atamento,
eras...
Eras tesouro perdido,
mazán do paraíso,
víbora de maldade.

¡Non te escapes!
¿Xa te teño?
Es...
anxo entre mil demos,
muller bonita de prometeres.
(amargos)
como viño de borrachos,
todo, todo dun trago.
Eras...
Es...
Anceios de todos
propiedade de ninguén
¡Ai! ¡Liberdade!

Elvira López Dovigo (1987)



O campanario

Alto, álzase cara o ceo
o gran campanario,
en busca do noso Deus,
do noso Deus cristián.

Canta cantigas moi tristes,
cando alguén morre no pobo
e chama á xente ao enterro
e queda a chorar ao morto.

Pola noite vendo a lúa,
a lúa e as estrelas
soña con ser paxaro
para xogar con elas.

Cando esperta do seu soño,
vese outra vez na terra,
atado con moitas cadeas
de cemento e de pedra...

el quixera verse libre
e chora polas estrelas.
¡A súa lingua de ferro
canta cantigas de pena!

Belén Glez. Fonteboa (1987)



ATARDECER

ATARDECER,
carceleiro do sol,
cabaleiro de lúa.

ATARDECER,
saeta moura
que fires de morte á claridade.

ATARDECER,
Castigo dos camiñantes,
alivio dos estudante

ATARDECER,
bordado velo
que nos vai cubrindo
e só deixa pasar unha apagada luz.

Miguel Seixo Lema (1987)

O raposo na noite

Orelas ergueitas
coma espiñas que medran
por entre a campía.
Ollada fría, profunda,
coma xelo que se derrete ao sol.
Fuciño redondo, delicado
con tesos bigotes
coma fíos dun traicioneiro puñal.
Rabo longo, encaracolado,
cal monumento que se eleva ao ceo.
Patas firmes, lixeiras,
diríxese o asasino
cara a súa vítima,
E ao chegar onda ela,
¡nun instante! ¡sen pensalo!
¡unha bufada! ¡un golpe seco!
E deixa sen vida
ao pobre moneco.
Logo, ¡zarpa sangante!
fuxe na noite, entre os castiñeiros.

**Montserrat Regueiro Taboada
8º . 1989**

Fontes de Castro

Fontes de Castro,
fontes de vida,
riqueza oculta,
beleza ,alegría;
vida que mana
fresca e pura,
longos cabelos
de prados e vilas;
fartura do pobo
durante as sequías,
compañeiras do sol,
amantes da vida,
reflexo da lúa
ó remate do día.
Fontes de Castro
fontes de vida,
corre a auga
polas pedras espidas;
belas por si soas
;sen falla de adobíos!
Sen canles nin tuberías,
algunhas ata sen grifos,
con pínegas ou tixeiretas,
preto ou lonxe dun río,
agochadas ou á vista,
nunha leira,nun camiño.
Sempre vivas,sempre puras,
sempre,cheas deVIDA.

**LORENA ESMORÍS Galán 8º.
1989**

LENDA. A fonte de Ferrín

Contan os vellos que a Fonte de Ferrín ten unha bonita lenda. Hai moitos,moitos anos,coma uns douscentos,contábase que nunha finca,preto de Vilaboa,escoitaban uns rúidos moi estraños,e que,a cantos pasaban por alí tres noites,non se lles volvía ver.

Un día chegou á aldea un home moi rico que levaba moitos veráns e invernos fora da terra que o vira nacer,e quería facer unha casa naquela finca.El non facía caso das advertencias da xente da vila,que lle contaba tódolos misterios que encerraba aquel lugar.

Pasaron uns días e o home foi de caza ao monte que estaba preto de alí,e de paso, deu unha volta pola finca para ver como ía todo e se a obra se facía conforme ás súas instrucións.

No momento en que pasaba por alí oíu algo detrás dunhas árbores,e cando foi mirar viu un león que tentaba defenderse dunha serpe venenosa que o quería morder.O home,inda que sorprendido dunha escena coma aquela naquel sitio,disparou contra a serpe e matouna;logo retrocedeu,agardando que o león o atacara,pois non podía esperar outra cousa dun animal salvaxe.

Pero o que pasou despois deixou-no coa boca aberta.

O animal achegouse a el e tendeu-se aos seus pes.

Don Fernando,que así se chamaba o home,pasou todo o día co león,até a tarde que tiña que volver á casa onde estaba hospedado.O león seguiuno, ata que de pronto, PUM!! Un veciño,que vira o león seguir a Don Fernando,pensara que o quería atacar e disparoulle.Don Fernando deu a volta e,ao ver o león morto sentiuse moi apenado. O animal fora fiel e seguira ao seu salvador.Don Fernando quixo ente-

rrar o animal na finca,e así o fixo.Cando xa rematara de enterrarlo,viu que de onde estaba o león comezaba a manar auga.

Ao ver iso decidiu construír unha fonte alí mesmo,e para recordar ao seu bo amigo,mandou que na lousa de onde saía a auga se fixese unha escultura da cabeza dun león.

Beatriz Morillas Bardanca 8º

QUERERES

O home e as miñocas
á curuxa,
moito lle deben querer;
mentres el lle deixa a casa
elas lévana comer.

A hedra á amiga árbore
pouco lle debe querer;
tanto e tanto se apreta
que non deixa florecer.

A gaivota e o albatros
sempren acompañan ó mar,
e él moi agradecido,
auga e peixes lles da.

As árbores e plantas ós coches
nada lles deben querer;
os coches as contaminan
da mañá ó atardecer.

O can,o gato e o rato
pouco se deben querer;
moito medo teñen eles
cando as caras se ven.

RAPACES DE 5º C.1989

Adeus,avó

Fóra chovía;dentro todos esperábamos con ansiedade a que o médico saíra da habitación onde estaba examinando ó meu avó.

Primeiro saíu a avoa chorando,e uns segundos máis tarde saíu o médico coa cabeza gacha.Entón as mulleres puxéronse a chorar,os homes persináronse,e na torre da igrexa as campás tocaron a morto.

Eu fun correndo á habitación do avó.Alí estaba el deitado na cama.Tiña os ollos pechados e as mans cruzadas enriba do peito. Parecía durmir,pero en verdade estaba morto,e semellaba feliz, xa que na súa cara enrugada e doce había un lene sorriso.

Entón chegou o meu pai,e medio á forza,saín de alí,e entraron todos e comezaron a rezar.Os seus marmurios dábanme frío,medo e sono á vez.

Morrera o avó.O avó era un home querido e respectado por todos,e nós, os seus netos,éramos a súa ledicia. (...)

Diana Canzobre Urbón 8º .1989

O MOUCHO

Cos ollos coma pratos
nunha noite fría de inverno
vin eu un moucho
que non cantaba,nin tiña medo,
senón que me miraba
coma quen mira a un extranxeiro.

**Fite a fite,miroume,
fite a fite,mireino.**

¡¡Non voou o condenado!!
que se quedou quedo,
debía de pensar
que eu,¡eu! lle tiña medo.
Co peito erguido,
as plumas peiteadas,
a cola estirada
dereita coma un trebello,
ese moucho,moucho vello,
estábame a sinalar
que aquel era o seu terreo.

**Natalia Vázquez Veira
8º.1989**



DIN QUE CONTAN NAS ALDEAS

Din que contan nas aldeas
Que unha vez houbo morrer
Un pobre home de Marelas
No mesto monte de Ferrer.

Din que contan nas aldeas
Que foi un lobo famento
De orellas finas e ergueitas
De ollar maldito e sen medo.

Din que contan nas aldeas
Que era un monstro milenio
Saíu do fondo da terra
Saíu do fondo do demo.

Din que contan nas aldeas
Que se lle apareceu un morto:
Levaba consigo as penas
Dos que xa non tiñan corpo.

Din que contan nas aldeas
Que eran remordementos
Que quedarán entre as herbas
Xunto cos esquecementos.

Din que contan nas aldeas
Que foron diaños e medos
Pero de verdade,é que eran
simples xoguetes de nenos.

Din que contan nas aldeas
Que os medos poden facer
Coma un home de Marelas
No mesto monte de Ferrer.

Rocío Bra.1990

BIDUEIRO

Raiola dos sonhos
danzantes cómicos
e vivos paraugas
da terra cando
chove reloxo
que abanea o seu péndulo
cando sopra un
vento forte, vendabal;
furacán de risas
e choros, música
tremelante que só
escoitan as fadas encantadas; centinelas
do repouso, do acougo,
do andar paseniño;
unha árbore.

Sonia Canelas Rey. 1990

De meu

Se fose esta terra
quen de dar froito,
se fose esta besta
quen de arar algo,
sementaría millo
chegando o Sampaio,
botaríalle esterco
de estrar ao meu gando,
gañaría uns reais,
quedaría na terra
que herdei de meu pai.
Casaría con moza
fermosa de cara,
espilida de corpo
e gaiteira de herdanza.
Teríamos fillos
fortes e rexos,
e así morrería
de vello e ledos.

Rubén Rivas 8º . 1990

Raio, o meu soño

Sáin, coma tódalas mañás das vacacións de verán, para a eira. Alí, no cabazo, collín a bicicleta e fun dar unha volta. Todo arrecendía a flores, ao mel que nos preparan as traballadoras abellas, a...

O día amencera claro e soleado, mais pola noite debera xear, porque inda se podían ollar árbores e herbas co resío por riba.

(...) Collín rumbo, non sei por qué, á corte dos cabalos.

Alí todo estaba escuro. (...) Oín rinchar un dos cabalos, e fun cara el. (...)

Despois amodiño, funme achegando á corte de Pérola; amodiño, que non quería que se asustase, porque ía ter un filliño.

Mais ao entrar na súa corte ¡sorpresa!: Alí, onda ela, un precioso poldriño, ao que as pernas case non lle respondían, estaba quedo mirándome. ¡Que bonito! Era negro; negro como o acibeche tallado; enriba do fociño tiña unha mancha branca, que, tal era o contraste, mesmo semellaba un luceiro lene ou un ardente raio. Os seus ollos alaranxados parecían ter mil muxicas de lume xoguetando.

(...) Pasaron días, meses, e Raio pegaba enormes carreiras polos prados.

Un día o avó chamoume e levoume ao cabazo. Con voz suave e baixa, díxome que Raio podía ser meu. (...)

Saleta Seixo Lema. 6º. 1991

HABÍA ÁRBORES NA ESCOLA

Había árbores na escola
que á paisaxe daban cor,
xogaban con elas os nenos
camiñaban de arredor.

Eran algo máis ca prantas,
todas cheas de pasión,
algo máis ca uns eucaliptos,
poseían corazón.

Todos lle tiñan cariño,
admiración e respeto
todas os estimaban
dende o máis grande ó máis pequeno.

Eran grosas e robustas
con troncos fortes e anchos,
eran velhas, é verdade,
máis que dábanlles ben de anos.

Elas estaban aquí
antes que a nosa escola
viron nenos vir e ir
e tamén a profesoras.

Eran árbores de historia,
a historia de colexio,
agora nin vida teñen
pola culpa duns alleos.

Cortáronas sen piedade
e levaron os seus corpos,
só deixaron as raíces.
Para traernos recordos.

Esther Arcos Suárez 8º



MANDAMENTOS DO BO ESTUDIANTE

- 1- Amaralo todo, agás as cousas da escola.
- 2- Non desperdiciarás os rolos dos profes para botar un sono.
- 3- Santificarás as vacacións e os días de temporal.
- 4- Obedecerás sen rechistar a música de saída.
- 5- Non calarás, aínda sen razón.
- 6- Non deixarás que os libros se reproduzcan, polo teu ben.
- 7- Non mirarás o exame do compañeiro; é máis doado quitarllo e copiar directamente.
- 8- Non lle darás desposta ás preguntas dos profes; que se molesten en buscalas.
- 9- Non cobizarás as chuletas dos demáis. As fotocopias son mellores.
- 10- Non cobizarás os ceros dos compañeiros. Conségueos Ti.

Alumnos de 8º. 1992

Entrevista a Edelmira Cacheda Otero. Escritora e mestra xubilada

Esta escritora galega, é unha muller moi cariñosa, de moita paciencia, que lle gustan os nenos e as nenas. Explica moi ben e todo o que lle preguntes quedache claro, sempre intenta resolver todos os problemas e traer a paz á familia.

- ¿Que foi o que te decidiu comezar a escribir?

-Desde moi nena comecei a escribir, sempre por algún motivo. Ós catro anos xa compuña cancións pequenas que lles facían moita gracia á miña nai e ás miñas veciñas. Despois escribín moitas poesías para felicitar ás amigas ou para divertirme, durante a miña infancia e adolescencia. Cando xa era mestra, na primeira escola adaptei ao teatro “A bela durminte”, “Caperuchiña vermella” e outros contos infantís, con diferente nivel de linguaxe, segundo a idade dos pequenos.

- ¿Recordas que foi o primeiro que escribiches?

- Claro que si, foi un conto.

- ¿Cal era o motivo?

- O motivo era demostrarlles a meus pais que, por nada do mundo, renunciaría a eles, aínda que me ofreceran ir vivir coma unha princesa a un palacio.

- Gañaches algún premio coas túas interpretacións?

- Moitos honoríficos e tamén algúns metálicos.

-¿Que outras cousas te motivaron para escribir?

- Cando me deron a escola no grupo Reina Fabiola de Santiago no ano 1970, correspondeume aos nenos de 1º e pola situación do grupo escolar tiña menos rapaces que falaban en galego que en castelá, según fosen da zona rural ou urbana. Con este motivo compuxen un método bilingüe que tivo moito éxito. Para que os dos últimos cursos colleran afición á lectura galega, escribín o libro “Churrascadas”, de anécdotas que lles gustaban moito. E así toda a vida ata o 1991. Xa xubilada compuxen 100 poesías para nenos.

- ¿Das obras que escribiches, cales che gustaron máis?

- As de tipo cómico: “Como está o mundo”, “Inda non é sogra”, “O mal de Manueliño”, “A oferta”, “Unha cousa pola outra” e algunha máis.

Esta é Edelmira Cacheda Otero.

Azucena López Candocia 7º. 1993



AS BROXANCAS

As broxancas son as fadas dos soños que temos cada un de nós. Nenos e maiores.

A cor do seu pelo soe corresponderse coa dos seus ollos. Vístense cunhas túnicas azul mariño e unha capa dourada.

Durante a noite protéxennos dos pesadelos que, se cadra, algunha vez, déixanos pasar debido ao noso mal comportamento polo día, aínda que o que pasa é que o poder de Trafén, Señor dos Pesadelos, ás veces logra superar ao das Broxancas. Pero unha Fada dos Soños ten que ter recursos para todo, polo que, sempre que temos un pesadelo, e non é por castigo, bótalle un feitizo, e inda que non sempre dá resultado, a maioría das veces logran esvaecelo. Por iso, case nunca nos acordamos do que temos soñado a noite anterior.

Mais, as Broxancas, tamén traballan de día, enchendo o noso cerebro con moitísimas ideas.

José Daniel Rodríguez Andrade 7º. 1994

AMOR

Que belo é o amor,
se é amor verdadeiro,
o que lle dá a lúa ao sol,
e o mar ao mariñeiro.

Que belo é corresponder,
e querer por ser querida,
pero que triste é
ter que curar a ferida.

Pensei que fermoso era,
que era así a realidade,
sumérxome nos teus ollos,
e vexo que non é vverdade.

Vexo a lúa separarse,
da traxectoria do sol,
vexo as olas pelexándose,
por perder o seu amor.

Noelia Barciela. 1994

EAGELMAN

Un día cando o meu tataravó ía traballar, un coche pasoulle por diante, estivo apunto de atropellalo pero pegou un chimpo e sen darse conta comezou a voar. Co tempo deuse conta de que podía dirixir o seu voo con só pensalo.

A xeneración seguinte, ou sexa, meu bisavó descubriu que con só pensalo podía facer o que lle petara. E todos estes poderes foron herdados por min.

Na escola eu era o demo. Facía o que me daba a gaña; as clases volvíanse divertidas xa que os profes comportábanse como eu quería, no pavillón entraba cando quería posto que cando os profesores me viñan a refír e eu facía que se arrepentisen.

Un día investigando no meu laboratorio, descubrín unha fórmula que me fixo voas máis rápido. Entón decidín converterme nun super-heroe: chamábanme "EAGELMAN" "lixeiro coma unha pluma e feroz coma un caimán"

Agora eu era o defensor da terra e o meu nome soaba por tódolos recunchos do planeta.

Aleixandre García Regueira-1995



Está apagado, pero óllano

Chegan e acéndeno. Algarabía. Míranos e tócanlle coma se fose un bicho raro. Como o que era.

Apágase. Os fillos sentan e óllano. Ollan o enorme aquel dun aparatiño cun par de antenas. Está apagado pero óllano. Óllano tanto que o han de gastar. Non din nada, soamente óllano. Está apagado , pero óllano.

A nai chámalos para a merenda, pero eles dinlle que llela traia, non se poden distraer o máis mínimo con ningunha tontería, como merendar, comer ou durmir. Soamente poden ollalo. Está apagado, pero óllano. A nai trae a merenda e queda con eles ollando. Os tres óllano. Está apagado pero óllano. Ninguén se move. O aparatiño, frío e calado tampouco se move. Soamente óllano. Está apagado, pero óllano. O pai, que fora mercar unha cervexa chega e comeza a ollar. Deixa a cervexa e olla. Os catro óllano. Está apagado, pero óllano O aparatiño segue sen moverse. Non se moven as dúas antenas, non se move o aparatiño, non se moven as imaxes. Soamente óllano. Está apagado pero óllano.

A familia, que rara vez está moito tempo xunta, únese neste momento para ollar un moi útil aparatiño. Todos, sentados nun sofá, óllano.

De pronto, non se sabe como nin por que, o aparatiño morreu. E agora, ¿que ían facer os fillos? ¿ que ía facer o pai? ¿ que ía facer a nai?...¿que ían facer todos sen o aparatiño? ¿ que ían facer todos sen o vagalume?

EVIDENTE: OLLAR. Ollaban a mesa coas súas catro patas, e coa revista sobre dela...

Pilar Mera Rico 1995

A MIÑA LINGUA

Unha das cousas das que máis me molesta é que case todo o Mundo de Galicia fale castelán coma se estivese en Madrid, e que, para máis, que desprezen o galego como se fose unha lingua inferior, e tamén a aquel que o fale.

Sei que todo o mundo pode falar o que queira, si, estou dacordo, pero que a xente non sexa tan ignorante como para dicir:

“¡ O galego é unha merda ¡”

Perdón pola expresión, pero non é a primeira vez que oio iso, e sempre penso que é unha tontería. Vou contarvos un exemplo que unha profesora me puxo unha vez:

“ Ao mellor túa nai non é coma a ti che gustaría, e paréceche máis guapa a dun compañeiro. Por moito máis fina que vexas a outra nai, sempre lle vas querer a túa, porque é a túa. Pois o mesmo sucede coa nosa lingua.”

Tamén creo que é bonito o meu “ jallejo”, inda que moitos se rían del. É como se falase o “ CASTELAN ANDALUZ”.

Non me importa que os rapaces se metan comigo pola miña forma de falar, pola miña lingua. Nunca me avergoñei dela, nin creo que xamais o faga.

Iria L.F.- (1996)

A ESTRELA QUE QUERÍA SER HERBA

Unha mañá de verán todas as herbas do lonxano prado espertaban do seu soño comezando a rebulir. O sol, estaba ledo e coma todos os días, as árbores comezaban a falar e a tirar as súas follas secas ao chan. Linda era unha herba preguiceira e moi alegre, que sempre espertaba á hora de xantar. Pero esa mañá non foi así; hoxe foi a primeira en saír da casca de noz. Algo estaba a molestala, a seguila. De repente mirou para a dereita, logo cara á esquerda, atrás, e... ¡alí estaba!. Era unha cousa brillante, parecida a unha bombilla, tiña cinco puntas e unha cara de tristeza...

-¡Ola! ¿Que...quen es ti? Dixo Linda.

-¡Ola! Son unha estrela, e chámome Veloz. Son unha desas estrelas que se ven pola noite co rrer... ¿non sabes? ¡Son unha estrela fugaz!-contestou entristecida ao ver que ninguén a coñecía.

-¡Ah! Xa, xa. Ben, ¿e que queres?-contestou Linda

-Eu quería ser coma ti. Eu..., ben, xa sabes, quero converterme nunha herba.

-Iso non é posible, cada un é o que é, nin eu nin ti poderemos facer iso...

Paula Torreiro. 1996

O PILLABÁN

Cuco, pillabán
¿Onde agochas os teus ovos?
¡Dos teus pequenos fillos
non ves o seu primeiro voo!

¿Onde vives vago cuco,
que non queres traballar?
¿Onde agochas os teus ovos,
cuco pillabán?

¿Onde vives? ¿Que é o que comes?
Non pregunto nada máis.
So quero saber iso,
cuco pillabán

Se che gustan os insectos
ou che gustan os sementes,
Eu dareiche, amigo cuco
Todo o que te preste.

**Lucia Torrecilla Pérez
(1996)**

LINGUA GALEGA

A nosa lingua, só un día
Non é cousa para ben
Se non colaboramos un pouco
non tardará en esquecer.

Neste día tan sinalado,
“O día das letras galegas”,
teremos que falar a lingua,
país, avós, nenos e nenas...

Ningunha vergoña,

¿por que nos dará?,
o mellor é non tela
e falar a nosa lingua xa.
Orgullo da lingua,
haberá que ter,
xa que con ela nos comunicamos.
Temos llo que agradecer.

Natalia Sanz Veiga (1997)



LENDA DE SAN ANDRES DE TEI- XIDO

Esta lenda contouma
miña nai e é moi popular
entre a xente de Cedeira
e os romeiros de toda Ga-
licia. Eu, o mesmo que
Curros na “Virxe de
Cristo”, só a puxen en
forma de poema

En San Andrés de Teixido,
Na parroquia de Cedeira,
Faláronme dunha lenda
Que podía que fose certa.

O Santo Andrés é famoso
Polos milagres que fai
E, cando no mes de Setem-
bro
O día oito se achega,
Se teñen algunha doenza
Ou sofren melancolía,
Xente da cibdá e da vila
Cara a romaría van.
Haise que por “arrudillas”
Para subir as escaleiras,
Andando faise o camiño
Dende a vila ata a aldea.

E cando se achega ao mon-
te,
Para que se cumpra o de-
sexo,
Hai que beber de tres fon-
tes
Sen facer cousa no medio.

Non hai romeiro no mundo
Que non saiba deste santo;
E non hai mal do universo
Que o santo non dea cura-
do.

Pero hai unha maldición
- Non sei se será verdade -
Que pesa sobre os que ao
santo
Nunca foron visitare.

A maldición da que falo
Di da seguinte maneira:

“Se San Andrés de Teixido
nunca foches visitar
vai de vivo, vai de vivo,
que senón de morto irás.

Se non vas en vida a velo
A pedirlle unha milagre,
Pesará esta maldición
Sobre ti por non orarlle.

E a todos aqueles homes-
Que non vaian onda o san-
to,
Ha de pesarlles á hora
De pasar ao outro lado.

En vez de que esas almas
Con Deus cara ao ceo vaian
Quedarán no Santuario
Para toda a eternidade
Convertidas en formigas
Por non ir ao santo orare.

Por iso, tede coidado,
Se ides ao San Andrés,
Que disque hai moita for-
miga.
E, se onde pisas non ves,
Matas a un antepasado,
Que por ao santo non ver
Tivo despois que pagalo.

Non o tomedes a broma
E bulide a San Andrés;
Facede caso da lenda
Que a min me contou al-
guén:

“A San Andrés de Teixido
vai de morto quen non foi
vivo.

Inés Mera -1997-

ROMANCE

Neste relato curto
Vouvos contar
O misterio dunha cova
Na que nunca vas entrar.

Segun conta unha lenda,
Hai monstro alí escondido
E todo o que entrou nela
Non saíu xamais vivo

Hai un valente na aldea
Que moita forza el ten,
Que dixo que ten valor
Para entrar soíño á cova,
Que sen armas nin escudos
Nin compañeiro ningún
Non matara o monstro
¡se é que alí hai un!

Os seus veciños, todos ledos
acompañárono á cova,
como ía desarmado
tomárono como unha broma

Mentres os demais sorrían
O valente nela entrou,
E pasadas varias horas
Ao pobo el non voltou

O pai do noso valente
Preocupado quedou;
O seu fillo non volvía
E a un veciño preguntou:

-¿Que fixeches co meu fillo?
¿Onde está? ¡Respóndeme!
¡Ese monstro non existe!
¡¡Matáchelo, xa o sei!!

-Non digas barbaridades
o teu fillo non matei,
meteuse el so na cova.
¡¡Non me pegues, na cachola!!

O cabo duns poucos días
o valente regresou,
dicíndolles que na cova
Un paraíso encontrou

-¡Quedo alí a vivir!
e unha marabilla de lugar
e, supostamente, os mortos
ás cartas están a xogar

Só regreso pola fortuna
Que teño polo meu pai,
Non a vou perder agora
Que no paraíso vou quedar.

Aquí acaba o relato
Da cova misteriosa
Que nada mais que serve
Para traballar a estrofa.

**Olalla García Taibo. (2º
ESO-A)-1998**



Subir e baixar

O neniño
Subiu o gatiño
E a neniña
Subiu coa galiña
Subiron ao trasteiro
A coller o pandeiro.
A neniña tocando
O neniño bailando.
Baixaron os animais
Onde os seus pais.
Mais non subiron
Xa non poideron
Baixou o gatiño
Co seu amiguiño
A galiña quedou
Pois ela non a baixou
Abaixo quedaron
Xa non subiron
Galiñas, Gatiños
E os seus amiguiños
Quixeron subir
O pandeiro a tocar
Subiron, baixaron
Alí xa quedaron.
Galiñas, gatiños
E os seus amiguiños



**Gonzalo Méndez Mosqueira
(6ºB)-1998**

FESTA DA FILLOA

Aínda que non saímos na radio, na televisión nin nos xornais, no C.E.I.P. “Sofía Casanova” celebramos a 1ª Festa da Filloa, na que colaboran un grupo de profesores, alumnos de E.S.O. e algún voluntario de outras clases.

Con este motivo, o Antroido deu a orde de vir todos con mandil, que, por certo habíaos moi orixinais: era un auténtico:”Desfile de mandís”.

Tiñamos 8 cociñas funcionando e unha morea de nenos ocupados en diferentes tarefas: elaborando un amoado, procurando os materiais, turnándose a facelas, etc.

Unha vez que saíron as primeiras, empezaron a pasar todos os cursos, para ver cómo as facían os seus compañeiros e tamén para comer algunha (Segundo algunhas faladurías, o reparto foi desigual, dependendo do enchufe cos camareiros)

Ningún neno quedou sen comer filloas, agás os que non as quixeron.

Houbo de moitas clases; de caldo, de leite con azucre, de sal, de fíos, de pementa...

Por iso a uns lles souberon mellor que a outros, (deuse o caso dunha “ben chea de sal”, que lle ofreceron a unha mestra de E.S.O. Comezou dicindo: Está boa, aínda que un pouquiño salgada...)

Esperemos que esta festa teña continuidade en anos vindeiros, tratándo, sempre de melloralala. Mesmo nos gustaría facela extensible aos pais dos alumnos.

¡Ata o ano que ven!

Rapaces e rapazas de 1º e 2º de E.S.O.

(Esta festa tivo continuidade ata o antroido de 2001, inclusive)



POESÍA

Todo está igual,
Nada cambiou
Dende que me fun
E a primavera chegou.
Esta rúa, esa árbore
Aquel lago, aquela ponte
Todo esta
Coma onte.
Os labradores

Seguen labrando
E as vacas
Seguen pastando.
Os ríos levan a mesma auga,
Os mares os mesmos peixes
Pero eu non sigo levando
A mesma alma

Iria Brandariz Otero- 1998

ACRÓSTICOS

Xunto a ti xogo
Ata que chega o sono
Na noite de outono

Zagala de amor
Es coma unha flor
Loitas con paixón
Tirando o balón
Inicias un gol
Ata chegar ao sol

Fala que fala e segue falando
A noite e o día pasa
Na túa pequena casa
Ideando, cantando e xogando

Lágrimas da miña amiga
Illa perdida
Agárdame que chego a túa orilla

Es coma o sol
Luz dos teus amigos
Sempre estás con nós
Aínda que estamos contigo

Amiga querida
Dime onde andas
Rebuscas na túa vida
Intentando ver a verdade

Andas por aí perdida
Na noite fría
Agardando aterida

Alumnos/as 5ºA-1999

A ÁRBORE

Eu plantei unha árbore
cun tronco de cisne lila
e olor a mandarina
Raíz de formiga pequerrechiña
Follas de pe de millo ben tostadas
e polas de chopo dourado
pintadas con vello arandano
flores de moitas cores
pintadas con amores
Esa é a árbore que plantei eu
No meu pequeno xardín.

Alba Rey De La Iglesia 4ºB-1999

O peto.2001

Peto,peto pequerrechiño,
Redondiño e peteirón,
Petas,petas co peteiro
Nun carballo carballón.
E o peteiro un bo furado
En pouco tempo rematou.
E os oviños naquel niño
A nai peta alí chocou.
Tres petiños coida a peta
Cun peteiro moi lambón.
Entre plumas va medrando
Tres pitiños peteiróns.

Xavier Sesto 6º

Por riba das montañas
un río fluvial
deslizándose polas pedras
que hai polo seu lar

Baixa docemente
por un val
onde os labregos recolleitan
noces do seu nogueiral

O traxecto xa se acaba,
o río vai desembocar,
adeus río caudaloso
que xa non volves máis.

Edgar López Ventureira. 5º

PARA MAMÁ

Cando fago algo malo
Sempre te pos a gritar
Eu voume para outro lado
E cos bonecos vou falar.

Ti sabes que eu digo
Que es a mellor nai
Pero as outras rapazas
Din que a súa é máis guai.

Cando che pido unha Barbi
Ás veces,cómprasma
Pero gústanme tanto
que as quero todas.

Ti sempre me contas
que son moi boíña,
Pero eu sei que o dis
Porque son a túa filla.

Reyes Oubel 5º.2001



Outra historia de nunca acabar.2002

Ola,chámome Lidia,vouvos contar unha historia que concorda co título.Acompañádame unhas semanas atrás...

-Para mañá,quero que me traiades unha redacción do que fixestes onte.

Iso foi o luns,o martes...

_E,para deberes de mañá...

Unha historia comezádea así:"Ben sei que son bo,pero teño que mellorar nos estudos e intentar sacar matrículas de honra..."

Como aínda lle parecía pouco,o mércores...

-Ben,como mañá non hai Galego,traédesme para o venres,tres historias:unha dunha lenda ,dun día calquera e a outra ,do que queirades.

-Vale-dixen-hoxe tiña pensado ir á piscina ,e,pola túa "marabillosa" culpa, non podo.

-E esquecíame,o próximo xoves,exames das leccións sete e oito.

-Pero ese día non hai Galego.

-Pois cambiámolo por mate.

-E por que non por lingua?

Todos seguimos calados e co noso traballo. Os días seguintes foron insoportables.O mércores,o día antes do exame,tivemos poucos.

O xoves,ao acabar o exame,máis e máis,e,por riba,¡Aínda máis!

Xa vos imaxinades as caras longas que había...,pero tiñamos que aguantar o que se nos botaba enriba:Era o último trimestre,e diso dependía pasar á E.S.O. ... Supoño que xa sabedes que esta é a historia de nunca acabar.

Iris Barral.6º.



Fóra de moda

Personaxes: Sabela(nena), Dobbi(trasno) e narrador.

Situación: A nena está chorando na habitación.

Narrador: Esta é a historia dunha nena chamada Sabela que non recibía ningún regalo de cumpre. A nena estaba chorando na habitación cando...

Sabela: (saloucando) ¡Isto é inxusto, eu non recibín ningún regalo!

Trasno: (Entra no escenario) Ola, eu son o Trasno Dobbi ¿Que che pasa? Hoxe cumpres 12 anos. Tes que estar contenta.

Sabela: Si, i contenta de "carais", ningún se acordou do meu aniversario.

Trasno: Bueno, nesa situación fareiche eu mesmo un regalo. ¿Que prefires? Unha boneca, por exemplo a "Mariquita Pérez", un soldadiño de chumbo

ou ... ¡un disco de ¡Camilo Sesto!

Narrador: Isto pola pinta que ten vai a pique. ¡Como o Titanic!

Sabela: ¿Oes, hai moito tempo que non vives neste mundo? Todos eses xoguetes están pasados de moda.

Trasno: (Un pouco estrañado mira pola fiestra) ¿E logo que xoguetes están de moda?

Sabela: Xoguetes, moitos, pero a min gústame a roupa. (O trasno saca un vestido con visos e un azul de mortos) Ave María Purísima, ¡¡¡ Non estamos no Entroido!!! ¿Ou queres que vaia e digan que veño do pasado? Porque eses traxes debeunos levar a nai de Xesús.

Trasno: Logo, ¿que queres que che regale? ¡Unha saia longa estampada en flores!

Sabela: Déixao, dáme os cartos e xa comprarei eu algo (cólleos e marcha)

Trasno: Ai que ver que pronto se lían os nenos. Eu xa sei o que lle gusta, pero non teño tantos cartos.

Sabela: Oes ti, Dobbi, ou como te chames ¡¡os cartos son de cartón! ¡

Trasno: Ai, meca, que rápido se deu conta ¡ADEUS! (Sabela detrás de Dobbi polo medio do público)

(FINAL 1)

Narrador: Bueno, nenos, se vos quere axudar un trasno xa sabedes, non llo aceptedes.

(FINAL 2)

Narrador: Bueno, señores se teñen un fillo, regálenlle algo, que é mellor que necesitar axuda de Dobbi.

ROCÍO e SARA



SE DEUS QUERE.2002

Se Deus quere, para o ano que vén, xa non estamos no colexio. Eu non quero ir a E.S.O. Ben, por unha parte si e por outra non. A historia que vos vou contar non trata de min, se non dunha nena que tiña medo de cambiar de colexio.

María era moi tímida. Tiña once anos e era a máis lista da clase. Sempre sacaba dez;

A nota máis baixa que sacou foi un nove con cinco. Unha noite, cando estaba na cama pensou: seguramente eu aprobo todo e teña que cambiar de colexio.

Como non quería, decidiu suspender todas as asignaturas e así non pasaría á E.S.O. María empezou a sacar catro, tres, dous, un e algún que outro “cero”. Non lle gustaba isto pero con tal de quedar no seu colexio, faría o que fose. Cando chegaron as vacacións de antroido déronlle as notas e non suspendera ningunha. Ao ver iso, María tivo que cambiar de plan. Decidíu faltar á escola, contestarlle aos profesores, pelexarse... Todo iso con tal de suspender. Agora sí que en todos os exames sacaba “cero”.

María polas noites choraba moitísimo. Unha tarde, a súa mellor amiga, que se chama Carolina, foi á casa de María. Antes de entrar escoitou como María estaba chorando. Petou na porta e entrou. Carolina preguntoulle que lle pasaba, e despois de insistirlle moito, María contoullo. Carolina díxolle que estaba tola, que era moi boa alumna e que non podía botalo todo a perder.

Despois de estar falando toda a tarde, María caeu da burra e púxose a estudar para o exame de coñecemento. E sacou un dez no exame.

A profesora díxolle que se alegraba de que volvесе a ser ela.

Gemma Díaz Caridad 6º A

O río dos páxaros

Cando sae o sol
A natureza esperta
E saen os cantores
Coa coa boca aberta.
Sae o merlo
Tamén o faisán
E os parruliños
Que a bañarse están.
Veñen as gaivotas
Do lonxano mar
Tamén a festa do río
¡Que ben o han pasar!
Veñen de todas as cores
E tamén de todas as formas
¡Que espectáculo mais fermoso
ver os paxaros sobre as ondas!



Sergio Carbón-2004

A PRIMAVERA É BONITA

Hai vento, hai flores de cores,
Hai paxariños a cantar,
Chove menos.
Eu vin a chuvia regar as flores,
Eu vin as flores crecer,
Vin paxariños voar,
Vin andoriñas nos niños dos tellados,
Vin bichos a moreas,
Vin caracois ao sol.
O sol quenta as plantas, as persoas.
As árbores medran ata o ceo:
A Primavera é alegría.



Paula Sesto Camino-2004

AS NOSAS VIAXES

- 1-Praia das Catedrais: En San Cosme de Barreiros, cerca de Ribadeo. Hai que ir con marea baixa para observar as hermosas grutas formadas nos cantís a consecuencia da forza da auga. ¡Algunhas semellan catearais!
- 2-Cambados e praias de Vilagarcía: Cambados é precioso e as praias parecen as de Hawai.
- 3-Quiroga e Cabeza de Manzaneda: Podemos disfrutar dunha estación de esquí e en Quiroga imos á discoteca .
- 4-Santiago e Sobrado dos Monxes: Todos coñecemos Santiago pero o mosteiro de Sobrado dos Monxes de bémolo visitar.
- 5-Río Deza e Mosteiro de Carboeiro: Ten unha fermosísima cascada que mesmo fai a sensación de néboa. Disfrutamos dunha praia fluvial (praia de río) e visitamos as ruínas do Mosteiro de Carboeiro. Na localidade de Merza hai mesas de pedra para comer.

Nenos/as 5º B-2004

DESCRIPCION DO MEU COELLO

Bolita é o meu coelliño, inda que parece un peluche. Ten as orellas negras e unha frenas con forma de ovo antes de chegar ó rabo que ten a metade negra.

A Bolita gústalle a leituga e non as cenorias, tamen correr pola miña habitación e durmir na miña cama.

Cando eu chego golpea coas súas delicadas patillas na porta de gaiola que as veces se abre e da unha volta pola casa.

Acórdome de cando mo regalaron: eu estaba no cine celebrando o meu noveno aniversario. O rematar, xa no aparcadoiro, vin que viñan cara min os meus tíos cunha gaiola enorme, eu peguei un berro. Ese día tiven que ir no asento de adiante coa gaiola enriba de min porque tiña que levar as miñas amigas as súas casas.

Agora xa ten case tres anos e está moi grande, comparado co día no que mo regalaron.

Marta Gil 6º-2004



Entrevista

Juan Platas Freire.



En que curso te incorporaches ao colexio Sofía Casanova?

Ceguei ao Colexio Sofía Casanova o día 1 de setembro de 2002, viña de Ordes, do Colexio Campomaior, onde estiven destinado durante 5 cursos na especialidade de Educación Física, a mesma coa que me incorporei a este colexio.

Que foi o que máis che impactou do Centro e por que?

Este é o meu décimo oitavo colexio e tendo en conta que todos os colexios se parecen bastante en canto a funcionamento e organización non podo dicir que houbera nada concreto que me impactase. De ter que subliñar algo destacaríaa primeira impresión do lugar onde está situado o centro, un lugar rodeado de parques e zona verde ampla e ben coidada aínda que o edificio me pareceu algo deteriorado. Cando entrei nel si me chamou moito a atención a falta de espazo: sen aula de PT, de AL., D. de O., sen almacén, con despachos pequenos, falta de espazos para exposicións,...

Fóra destas primeiras impresións teño que dicir que o recibimento por parte de todo o mundo foi bo e acolledor.

Como chegaches á dirección?

A chegada á dirección foi un pouco por casualidade no seu inicio e triste na súa concreción.

No colexio estaba nomeado un novo equipo directivo no que a xefa de estudos tiña o acordo de permanecer só un curso e a directora, Resurrección Álvarez Hernando "Sure" pensou en min para ocupar dito cargo.

Despois do nomeamento de xefe de estudos o equipo directivo nunca estivo completo, pois o agravamento da súa enfermidade fixo que Sure estivese de baixa todo o curso, dimitindo ao comprobar que non tiña forzas para comezar un novo ano como estou seguro sería a súa ilusión.

En setembro de 2004 fun nomeado director por 10 meses pola Delegación Provincial de Educación e no ano 2005 presentei o meu proxecto de dirección para tres anos.

Cóntanos os cambios que se produciron desde aquela.

Os cambios máis salientables foron de tipo material e estrutural tales como illamento do tellado do pavillón; tellado, ventás, pintura exterior, arranxo de servizos exteriores e comedor do edificio; pavimentación da zona asfaltada e do patio infantil; inicio da reposición do mobiliario do alumnado; ... sendo moitas destas melloras froito de peticións anteriores á miña chegada.

Proxecto de futuro.

O que máis me agradaría sería conseguir que o centro tivera as instalacións necesarias e que foran dotadas axeitadamente para que alumnado e o profesorado estiveran nas mellores condicións posibles.

O PROXECTO COMENIUS NO NOSO CENTRO

Do 2003 ao 2006 o noso centro participou no proxecto europeo **Comenius 1** de intercambio cultural no ámbito do ensino, **European Fairytales, an approach**. Os países cos que traballamos foron os seguintes: Suecia (centro coordinador), Italia, Alemaña, Romanía e Irlanda.

Esta participación foi xerando un traballo dos distintos centros participantes que en certa medida aparece na páxina Web deseñada durante o primeiro curso (dos tres previstos para o proxecto) do que o tema central é a aproximación creativa aos contos.

A páxina oficial deste proxecto é:

<http://direkt.skola.skelleftea.se/bb/engelska/fairytales/taleindex.html>

Nos colexios participantes estivemos traballando con contos tradicionais de maneira diferente segundo a idade dos alumnos. Os maiores leron os contos, reescribíronos coas súas palabras e traducíronos ao inglés. Os máis pequenos escoitáronos e fixeron debuxos que servisen de ilustracións.

Na páxina aparecen contos tradicionais e outros creados a partir deles nos idiomas dos países participantes.

Curso 2003-04 Salientamos as seguintes actividades:

Publicación de contos na web. Polo menos un conto de cada centro participante no idioma ou idiomas de cada país e en inglés.

1. Comezamos un glosario de palabras que teñen relación cos contos, acompañadas dun debuxo e ordenadas alfabeticamente.
2. Marcadores de libros con temas dos personaxes traballados.
3. Emprego do pirogravador para escribir palabras en galego e castelán nunhas taboíñas de madeira, nas que por unha cara aparecen as palabras en inglés e pola outra, nos idiomas dos países participantes.
4. Exposición dos traballos realizados, primeiro no Colexio, e despois no Conservatorio de Música de Culleredo.

CURSO 2004-05.- Das actividades realizadas subliñamos as seguintes:

1. O alumnado participante escribiu en galego, castelán e inglés lendas sobre a fundación da Coruña e sobre a Cova da Serpe.

2. Fixeron ademais os debuxos cos que se ilustraron as lendas. Estas foron recollidas en carpetas variadas segundo o contido dos contos e os cursos e niveis do alumnado participante.
3. Hai tamén unha serie de crebacabezas, uns en soporte informático e outros en madeira, cun debuxo de cada escola participante.
4. Recollemos nun DVD cancións, xogos e bailes tradicionais.

CURSO 2005-06.- Estas son algunhas das actividades levadas a cabo:

1. Descrición do noso colexio en inglés, acompañada de debuxos e fotos tiradas polo alumnado.
2. Rematamos a elaboración do dicionario multilingüe.
3. O alumnado participante concluíu o 3º capítulo do Conto Viaxeiro e debuxou ilustracións para o mesmo.
4. Elaboráronse DVDs dalgúns das xuntanzas realizadas : Suecia, Italia, Romanía e Irlanda.
5. Con parte do material elaborado durante estes tres cursos

6. fixemos unha exposición aberta a toda a comunidade educativa na Biblioteca do centro do 21 ao 29 de Xuño.
7. Os encontros e parte das actividades levadas a cabo aparecen reflectidas en dous paneis que sintetizan o noso traballo neste proxecto educativo europeo.



Exposición Vilaboa



Caluso

VOZ NATURA



Neste curso por primeira vez o centro participou no PROGRAMA VOZ NATURA . Os cativos gozaron plantando bulbos e sementes de plantas aromáticas, comestibles e ornamentais, vendo como medraban e se desenvolvían . Fixéronse tamén varias saídas nas distintas estacións para ver como evolucionaban as árbores e as plantas do exterior cos cambios climáticos.

Tamén coidamos mascotas (dúas cobaias: Lula e Teo) e vermes de seda cos que o alumnado viu o ciclo vital do seu crecemento e a súa reprodución ademais de implicarse no coidado, limpeza e alimentación destes.



A Educación Infantil no noso centro



Aínda que o Sofía Casanova comezou a funcionar no ano 1981, ata o curso 92-93 non chegou a primeira profesora para unha única aula na que se mezclaban os tres niveis.

A poboación foi aumentando e con ela o número de unidades para dar cabida a todos os rapaces e rapazas da zona, ata chegar ás 6 unidades que existen actualmente.

O colexio foi integrando esta etapa, sen contar coas condicións necesarias para facelo: aulas adecuadas, patio de recreo con xogos e areeiro, dereito a transporte... que pouco a pouco fo-



mos conseguindo ata chegar ao curso actual no que contamos coa promesa da Consellería de facer un centro novo so para infantil con acceso directo ao noso recinto escolar e con coidadores en tódolos autobuses o que fai posible que o noso alumnado poida utilizalos.

O noso Equipo Docente concibe esta etapa como a base na que se asentará toda a educación posterior e intentamos que os nosos nenos e nenas consigan os obxectivos aprendendo a pensar, de unha maneira lúdica e manipulativa e sempre contando coas

familias como mellores cómplices para “aproveitar” dos nosos pequenos e pequenas todo o que traen consigo.

A pesares de contar cun número elevado de alumnado é unha etapa á que lle dedicamos moito tempo, cariño e todo o noso entusiasmo, un pouco contaxiadas pola enerxía que desprenden a esta idade.



XXV ANIVERSARIO

Fotos da celebración





A roda da VIDA non para de xirar

Fillos e fillas de antigos/as alumnos/as que
están na actualidade matriculados/as no centro.

